

## Espacio, territorio e relixión

JEAN RENÉ BERTRAND

RUBÉN C. LOIS GONZÁLEZ

Universidade de Santiago de Compostela

De xeito recurrente, as Ciencias Sociais teñen sido criticadas pola dubidosa utilidade das súas análises sobre un presente de características complexas e pola escasa validez das súas previsións de futuro. Téndense a explicar procesos ou fenómenos que están perdendo actualidade e, en contraposición, o estudio de aspectos emerxentes da realidade abórdase de xeito insuficiente. Consideramos que este comentario inicial ten sentido nun artigo sobre territorio e relixión en Galicia, pois non se pode negar que foi nos últimos decenios cando mellor se analizou a significación da parroquia na organización do espacio da nosa Comunidade Autónoma, precisamente nuns momentos nos que se fixo patente a perda de protagonismo do parroquial como resultado dos procesos de urbanización e secularización. O estudio da parroquia convertiuse nun tema clásico da Xeografía de Galicia ata tal punto que hoxe en día é imposible entender a complexa articulación do territorio das catro provincias sen realizar unha obrigada referencia a estas «células básicas de relación social» que actuaron e actúan como auténticas unidades básicas do poboamento rural.

Os diferentes autores que abordaron esta temática coinciden en sinalar que a orixe da división parroquial expresa a importancia que a relixión ou, mellor dito, que a consolidación das estruturas da igrexa católica tiveron na organización do noso territorio. Como acertadamente afirma X.M. Souto, un factor fundamental no xurdimento das parroquias como entidades relevantes «é a súa institucionalización como órganos de administración relixiosa, ben sexa

como consecuencia da instalación dunha igrexa sobre un territorio dunha comunidade previamente establecida, ou ben que respondese á creación señorial dunha igrexa sobre o espazo dunha villae, que posteriormente se fragmentaría e se individualizaría en parroquia dependendo do poder do señor»<sup>1</sup>. De feito, o que este xeógrafo trata de poñer de manifesto é a trascendencia do cristianismo vinculado á Igrexa-Institución como órgano de poder que inflúe decisivamente na configuración do poboamento actual<sup>2</sup>.

Desde un primeiro momento é posible establecer un claro nexos de unión entre espazo, territorio e relixión, e se o estudio das dúas primeiras variables non ofrece demasiados problemas adoptando unha perspectiva de análise xeográfica, para o coñecemento e definición do feito relixioso será necesario recurrir ás aportacións da socioloxía e da antropoloxía. Nunha obra clásica, E. Durkheim era taxativo ó afirmar que «a relixión é algo eminentemente social»<sup>3</sup> e que as representacións relixiosas «son representacións colectivas; os ritos son xeitos de actuar que non xurden senón no seo de grupos reunidos e que están destinados a suscitar, a manter ou a refacer certas situacións mentais dese grupo»<sup>4</sup>. Estudos máis recentes contribúen a ratificar esta lectura do relixioso, pois á pregunta ¿Qué é a relixión? respóndesenos que «desde un punto de vista antropolóxico mostrando a súa utilidade pode servir para facer posible o funcionamento da sociedade, para crear puntos de vista comúns, ou para expresar os conflitos que aparecen no interior da sociedade»<sup>5</sup>.

Estas interpretacións tenden a considerar que os fenómenos relixiosos se clasifican en dúas categorías fundamentais: as creencias e os ritos. As primeiras constitúen representacións da colectividade, estados de opinión; en tanto que os segundos defínense como modos de acción determinados<sup>6</sup>. Durkheim acláranos perfectamente que «as creencias propiamente relixiosas son sempre comúns a unha colectividade determinada que fai profesión de adherirse a elas (...) son patrimonio do grupo no que forxan a súa unidade»<sup>7</sup>. De feito, a existencia dunha fe común reafirma ou fundamenta os lazos de unión dunha comunidade. Segundo esta tese, é imposible toparnos cunha relixión sen igrexa, característica clave que permite diferenciar ós fenómenos relixiosos das manifestacións máxicas ou de bruxería<sup>8</sup>.

<sup>1</sup> SOUTO GONZALEZ; X.M.: *Xeografía Humana*. Vigo, 1988

<sup>2</sup> SOUTO GONZALEZ; X.M.: *Xeografía...* op. cit.

<sup>3</sup> DURKHEIM, E.: *Las formas elementales de la vida religiosa*. Madrid, 1992. A edición orixinal está datada en París no 1912.

<sup>4</sup> DURKHEIM, E.: *Las formas...* op. cit.

<sup>5</sup> SCHWIMMER, E.: *Religión y cultura*. Barcelona, 1982.

<sup>6</sup> DURKHEIM, E.: *Las formas...* op. cit.

<sup>7</sup> DURKHEIM, E.: *Las formas...* op. cit.

<sup>8</sup> DURKHEIM, E.: *Las formas...* op. cit.

O rito só serve «para manter a vitalidade desas creencias, para impedir que se borren da memoria, é decir, en suma, para reavivar os elementos máis esenciais da conciencia colectiva»<sup>9</sup>. Resulta evidente que se poden topar bastantes similitudes entre as ceremonias relixiosas e a idea de festa, por canto ambas manifestacións colectivas serven para reforzar a cohesión do grupo. Sen embargo, un rito é algo distinto a unha conmemoración laica ou a un xogo, xa que o seu carácter de fenómeno relixioso explica que «forme parte da vida seria»<sup>10</sup>. Esta constatación non fai senón lembrarnos a importancia da relixión na estruturación das sociedades e, polo tanto, como condicionante dos procesos de organización do espacio e territorialización.

A pesar da importancia que a división relixioso-eclesiástica do territorio tivo en Galicia a partir da Idade Media e ata ben entrado o presente século, as distintas disciplinas encadradas no ámbito das Ciencias Humanas ou Sociais (excepción feita da antropoloxía) tradicionalmente minusvaloraron o protagonismo do parroquial. Quizáis poida parecer esaxerada e inxusta esta afirmación, pero consideramos que se ben as alusións á enorme significación das entidades parroquiais non faltaron en todo tipo de textos, as investigacións que partían da parroquia para comprender a organización socioeconómica ou a evolución histórica do país eran escasas. Os estudos sobre a realidade galega fundamentáronse, ata hai poucos anos, en visións economicistas ou historicistas da mesma. Para explicar o atraso do sistema productivo das catro provincias preferíase recurrir a series de datos xerais e a modelos interpretativos que se inspiraban nas principais teorías económicas do momento. Así mesmo, o devir histórico de Galicia explicábase a partir dunha análise pormenorizada das estruturas e institucións políticas ou mediante o estudio dos diferentes modos de produción e/ou etapas do desenvolvemento económico. A parroquia aparecía reseñada en todos estes traballos polo seu carácter de unidade territorial representativa e comunidade básica na articulación dunha vella sociedade rural. Sen embargo, este papel de soporte de certas análises ou reflexións non supuña a súa consideración como factor clave na organización social, territorial e económica de Galicia.

E indubidable que esta relativa minusvaloración do parroquial no pensamento galego obedecía máis á escasez de estudos nas Ciencias Sociais do país, que a outro tipo de causas. De feito, será a partir dos anos 1970 e 1980 cando se comence a ter en conta o protagonismo destas «células básicas de relación social», coincidindo coa plena institucionalización académica dunha serie de disciplinas interesadas en estudar a organización socioeconómica do territorio.

<sup>9</sup> DURKHEIM, E.: *Las formas... op. cit.*

<sup>10</sup> DURKHEIM, E.: *Las formas... op. cit.*

Cabe sinalar que neste proceso tamén adquire unha importancia non desbotable a renovación operada nas investigacións históricas, xeográficas e económicas. O desenvolvemento e consolidación da Historia Social, os novos enfoques formulados no ámbito da Xeografía Humana e o abandono das estreitas concepcións economicistas nos estudos sobre o sistema productivo, coinciden en reafirmar a trascendencia das estruturas sociais en calquera investigación sobre o pasado e o presente. Neste senso, a significación concedida ó estudio de grupos ou comunidades en certas monografía de historia de Galicia<sup>11</sup> e a crecente aceptación dos postulados que afirman que o espacio debe entenderse como un produto social, contribúen a revalorizar o protagonismo da parroquia e outras entidades territoriais nas análises realizadas na actualidade.

Volvendo á reflexión xeral coa que comenzabamos este artigo, o recente despertar dunha Xeografía Social renovada permitiu o desenvolvemento de novas liñas de investigación sobre temáticas ata hai pouco esquecidas<sup>12</sup>. Entre elas, o estudio das relacións que se establecen entre espacio, territorio e relixión. Insistimos en que durante os últimos anos obsérvase unha crise da vida parroquial. Non obstante, estas unidades da administración eclesiástica aínda continúan mantendo certo protagonismo en toda Galicia. Agachar a súa importancia actual pode dar pé a interpretacións insatisfactorias da nosa realidade territorial. Polo tanto, desde a perspectiva dunhas Ciencias Sociais que se reformulan permanentemente nos seus obxectivos e contidos, opinamos que a análise da Xeografía da relixión pode ter interese e vixencia nunha reflexión formulada a fins do século XX.

## 1.- A ORGANIZACIÓN RELIXIOSA A LUZ DOS CONCEPTOS DE ESPACIO E TERRITORIO

Como apuntamos, nas vellas sociedades rurais de hábitat relativamente disperso como Galicia, a división do espacio en parroquias conservou ata moi recentemente un vigor impresionante. Nesta Comunidade Autónoma, que permaneceu rural ata os anos 1970, a división administrativa civil en municipios

---

<sup>11</sup> Entre elas podemos destacar: o estudio de P. SAAVEDRA, *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Madrid, 1985; a análise de P. SAAVEDRA e R. VILLARES, *Galicia en el antiguo régimen: la fortaleza de una sociedad tradicional*, incluído no volume *España en el siglo XVIII. Homenaje a Pierre Vilar*, Barcelona, 1985; a ampla investigación de I. DUBERT, *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna (1550-1830)*, A Coruña, 1992; e o traballo de X. BALBOA titulado, *O monte en Galicia*, Vigo, 1990.

<sup>12</sup> Sobre este tema, cobra un gran interese a lectura do artigo de R. HERIN, *La Géographie Sociale, une autre manière d'être géographe?*, incluído na obra *La Geografía española y mundial en los años ochenta. Homenaje a D. Manuel de Terán*. Madrid, 1987.

de comenzos do século XIX non puido eclipsar xamáis a malla parroquial, independentemente de que estas entidades daten dos primeiros séculos cristiáns ou da pasada centuria. Esta supervivencia da parroquia rural pódese explicar na medida en que a mesma se asocia a un territorio de referencia, ó marco da vida social dunha comunidade e sobre todo á existencia de un espacio social aínda fortemente estruturado, mesmo sobre simples bases de referencia relixiosa<sup>13</sup>.

Nas definicións máis comúns, territorio e territorialidade fan referencia ó control por parte dos individuos ou dos grupos dunha área, dun espacio. De feito, cuando se analisan os roles e as accións das persoas, pódese mostrar que a territorialidade implica a posibilidade para o individuo ou para o grupo de influenciar sobre os actos dos outros ou sobre os obxectos. Na vida social, a territorialidade sería a posibilidade para un individuo ou un grupo de influenciar ou controlar a poboación, as súas accións, as súas relacións... delimitando implícita ou explícitamente unha área xeográfica, como lugar de exercicio do seu control. Esta área xeográfica constitúe un territorio. En sentido máis amplo, poderíase considerar que o territorio traduce as relacións establecidas por un grupo humano cunha porción de espacio. Pero esta última acepción entraña a confusión habitual entre o lugar e o territorio.

Esta definición mínima do territorio presupón pois unha autoridade utilizando os límites dunha área xeográfica para exercer unha acción, para afirmar o seu poder... Isto implica en consecuencia:

- unha clasificación, unha representación ou unha percepción dos espazos (o seu, o outro); na literatura antropolóxica, a cuestión é rápidamente resolta polas manifestacións comúns dos grupos, como a festa do Santo Patrón, e a pertencencia ó grupo dedúcese da festa común.
- unha demarcación, unha codificación ó menos dos límites: dos signos e dos símbolos, como as cruces sinalando o remate dos pobos de Borgoña... En Xeografía Política, as cuestións de fronteiras, de límites coñecidos e recoñecidos polas outras comunidades revélanse á vez fundamentais e explícitas.
- unha defensa, unha actividade contra as transgresións dos límites do territorio<sup>14</sup>. Isto permite dotar dun carácter permanente ó territorio na súa configuración. A defensa dunha fracción de espacio necesita dun

---

<sup>13</sup> Para a historia administrativa, débese consultar a FARIÑA JAMARDO, X.: *La parroquia rural en Galicia*. Madrid, 1975. Por outra parte, os xeógrafos que traballan en Galicia non poden ignorar a estrutura parroquial. Para as divisións existentes consultaranse os traballos de TORRES LUNA, M<sup>o</sup>.P. de e outros, *Galicia. Mapa e índices de localización xeográfica de sus parroquias*. Santiago, 1976, ou TORRES LUNA, M<sup>o</sup>.P. de e outros: *Las parroquias de Galicia. Cartografía y estadística*. Santiago, 1989.

<sup>14</sup> SACK, R.D.: *Human territoriality. Its theory and History*. Cambridge, 1986.

mínimo de organización das poboacións e das formas de vida social máis ou menos complexas entre as cales, as manifestacións de soberanía no son máis que unha pequena parte.

A referencia a un poder ou a autoridades é incontrovertible. A historia está chea de actores e de estratexias procurando controlar un territorio. Tamén ofrece numerosos cambios de autoridade ou de organización do espacio. Estes feitos implican unha relatividade temporal do territorio, do seu recoñecemento e do seu contido. Así mesmo inestabilidade dos tipos de espazos asimilados a territorios e da súa diferenciación. Non obstante, é evidente que a duración reforza a distinción dun tipo de espazo fronte ós outros. Do mesmo xeito, reforza a cohesión social do grupo humano. E a identidade dun grupo a que califica ou define ó espazo como territorio ou non<sup>15</sup>. Por último, non semella oportuno falar de territorio ata que no marco dos límites se desenvolvan comportamentos que permitan a xestión e o control das formas de acceso ó mesmo. Nas definicións de áreas de montaña ou fráxiles da Comunidade Europea toparase unha ilustración evidente, co establecemento de límites que circunscriben as zonas que poden recibir subsidios ou axudas.

Escasos son os grupos humanos totalmente illados e diferentes as formas de control que se poden exercer sobre as poboacións. No ámbito administrativo, concíbense doadamente varias escalas de autoridade e, polo tanto, territorios de dimensión variable, desde o municipio ata a rexión ou ó Estado. Nos distintos niveis de organización, o control social é exercido por diferentes comunidades de habitantes, directamente ou por delegación. De todas maneiras, territorio e territorialidade non poden concebirse máis que a través da combinación das forzas (sociais) delimitando e controlando unha porción de espazo e da formación e a supervivencia dun poder que as expresa<sup>16</sup>. A explicación a partir da Xeografía do poder ou da Xeografía Política convértese pois en incontestable.

## 2.- A PARROQUIA COMO TERRITORIO

A igrexa católica (como as outras) desenvolveu un sistema territorial fortemente xerarquizado durante os primeiros séculos da súa existencia, aproveitando nun principio o esencial dos cadros administrativos romanos. O goberno da igrexa impoñíao, a súa difusión espacial tamén. Este sistema moi

---

<sup>15</sup> RAFFESTIN, C.: *La territorialité mal aimée et/ou mal comprise* en *L'espace géographique*, núm. 4, 1983.

<sup>16</sup> STEINBERG, P.E.: *Territory, Territoriality and the New Industrial Geography*, en *Political Geography*, Vol. 13, núm. 1, 1994.

elaborado reposa sobre unha división a varias escalas: parroquia, archiprestado, diócese, etc... cun poder pastoral e administrativo correspondente a cada nivel<sup>17</sup>. Se temos en conta que a igrexa se nos presenta como a única estrutura estable na Alta Idade Media, comprenderemos como a parroquia se converteu en organización política e económica ó mesmo tempo que marco de referencia social. O seu protagonismo foi así moi temperamente ampliado fora do simple dominio relixioso, o que asegurou a súa perennidade polo menos no mundo rural, coa adecuación do territorio parroquial ó da xurisdicción.

Poden ser recoñecidos dous efectos desta organización<sup>18</sup>. En primeiro lugar, a xerarquización e a autoridade con vocación universal conseguiu dotar de certa homoxeneidade ós marcos parroquiais ó menos ata a Revolución Industrial e xustificar unha estandarización dos ritos e as prácticas ata o Vaticano II. Cunha duración tan importante, a parroquia ou os seus substitutos laicos poden constituir aínda un territorio en sentido pleno. En segundo termo, ó menos a escala local, a confusión dos poderes tradúcese nunha forte organización social, formas duradeiras e intensas de relacións na comunidade e no seu territorio. O lugar do párroco, vivindo en medio dos seus parroquiáns, a miúdo illado da comunidade, pode manterse presente bastante tempo despois da secularización das esferas política e económica<sup>19</sup>.

En Galicia como noutras partes, a parroquia pode ser utilmente asimilada a un territorio, sometido á autoridade benfeitora pero pechada do cura, presentándose ben delimitado por accidentes topográficos e inscrito nunha xerarquía de poder onde se confunden as forzas relixiosas e laicas de autoridade.

En liñas xerais, a definición de territorio non se presenta como unha cuestión simple, senón como unha construción histórica resultado da combinación espacial de diferentes actividades sociais. Na Galicia rural, son as dimensións agrarias as que prevalecen.

A dispersión en pequenas aldeas das poboacións e o indiscutible illamento do país ata os anos 1960 favoreceron certamente o mantemento da estrutura parroquial e a adaptación dunhas instancias administrativas máis ou menos coherentes a súa malla histórica. Se cada municipio ten o seu alcalde e a súa Casa Consistorial, as parroquias están aquí representadas cualitativamente e o concello respeta a división parroquial. E dicir, asimila na súa xusta medida ás

---

<sup>17</sup> Non sempre a adecuación é perfecta, tradicionalmente houbo párrocos sen parroquias, como acontece nas parroquias sen dominio ou límite: parroquia estudiantil, por exemplo.

<sup>18</sup> Ver SACK, R.D.: *Human... op. cit.* Páx. 98.

<sup>19</sup> Unha rica ilustración contemporánea pode obterse de WILIE, L.: *Chanzeaux, village d'Anjou*. París, 1970.

células de base da sociedade nos municipios que se mantiveron artificialmente. Por outra parte, ata unha data recente, grupos de parroquias puideron separarse dun municipio para crear outro<sup>20</sup>, como Cariño a partir de Ortigueira en 1988, ou para unirse a un municipio veciño, como dúas parroquias de Folgoso do Caurel (Otero e Seara) que pasaron a depender de Quiroga. Estas redistribucións recentes testemuñan a permanencia dos marcos parroquiais e a inconsistencia tradicional dos municipios na España atlántica.

Se a fragmentación dos terreos das chairas e das montañas pode explicar a multiplicidade das formas que adopta o asentamento da poboación, a división en preto de 3.800 parroquias dos 29.400 km<sup>2</sup> das catro provincias de Galicia mantense de forma pasmosa, aínda cando esta Comunidade Autónoma contabiliza a metade dos lugares habitados de España. A título de exemplo, se nos referimos únicamente ás parroquias rurais da Arquidiocese de Santiago, a fragmentación do espació rural por territorios parroquiais é intensa e case as catro quintas partes destas entidades posúen menos de 10 km<sup>2</sup> e un tercio das mesmas menos de 5 km<sup>2</sup><sup>21</sup>. Esta idea sobre as superficies debe ser matizada, pois o tamaño das parroquias depende tanto da morfoloxía e a altitude como da historia do proceso de poboamento: fragmentación intensa nos mellores terreos, vastas extensións das parroquias de montaña. A poboación media das parroquias non urbanas de Galicia é da orde de 560 habitantes. Para a Arquidiocese de Santiago, o 43% das parroquias rurais contabilizan menos de 400 habitantes e só a cuarta parte do total sobrepasa os 800 habitantes. A media tópase aquí un pouco máis elevada con 640 habitantes, algo que resulta comprensible por tratarse dunha circunscrición eclesiástica da Galicia occidental.

A creación das novas provincias españolas en 1833 provocou a substitución da antiga división provincial do Reino de Galicia que coincidía en boa medida cos límites das dióceses. A división diocesana actual non evolucionou e conserva no sustancial os límites das provincias da Idade Moderna. Cinco dióceses sitúanse baixo a autoridade do Arcebispo de Santiago: as de Santiago e Tui-Vigo ó Oeste, a de Mondoñedo-Ferrol ó Norte e as de Lugo e Ourense ó Leste. Para complicar aínda máis a situación, unha porción da Galicia oriental está incluída no territorio da diocese de Astorga, en Castela-León. As dióceses (bispado e arcebispado) poden aparecer subdivididas en vicariados, con referencias territoriais: por exemplo o arcebispado de Santiago conta con tres vicariados, que

---

<sup>20</sup> Nos anos 1980, rexistráronse diversos movementos de redistribución de parroquias entre municipios, baseándose en lóxicas de proximidade e organización dos eixos de comunicación.

<sup>21</sup> A modo de comparación, as comunas (municipios) franceses posúen unha superficie media de 14 Km<sup>2</sup>, e as comunas, antigas parroquias, de Normandía, contabilizan 8,8 Km<sup>2</sup>, mentres que para as 3.496 parroquias non urbanas de Galicia é de 8,1 Km<sup>2</sup>.

se localizan nas súas principais cidades (Santiago, A Coruña e Pontevedra), e que posúen unha extensión moi variable con eventuais enclaves nas dióceses veciñas. Segundo os casos, cada diócese ou vicariado comporta certo número de arciprestados que agrupan entre 15 e 35 parroquias aproximadamente. Esta xerarquía de territorios eclesiásticos ignora todos os límites civís<sup>22</sup>. Así, o vicariado de Santiago exténdese polas provincias da Coruña e Pontevedra. Mesmo os arciprestados reagrupan parroquias de provincias diferentes (exemplos de Ribadulla ou Piloño). Os arciprestados inclúen tamén a parroquias de municipios distintos: a miúdo, de dúas a catro. Non se inscriben nun marco municipal único a non ser no caso dos términos urbanos (A Coruña) ou cando conteñen un número excepcional de parroquias: o exemplo de A Estrada cun total de 51. E mesmo, neste último caso dous arciprestados repártense a poboación do municipio: o de Tabeirós con 35 parroquias, aumentadas noutras dúas pertencentes a Forcarei e Silleda, e o curioso arciprestado de Veá con catorce parroquias repartidas en tres sectores distintos do val do Ulla. Esta peculiar división lembranos claramente o desenvolvemento do poboamento medieval mediante a constitución de parroquias a partir de S<sup>a</sup>. Cristina de Veá.

Por último, pódese establecer unha distinción entre dous tipos de parroquias: as matrices e as anexas. A diferenciación histórica entre parroquia nai e filla podería indicar unha modalidade de reagrupamento parroquial. En efecto, as parroquias anexas, máis recentes, establecidas sobre as últimas áreas conquistadas polas comunidades campesiñas, adoitan ser as primeiras en verse moi afectadas pola emigración e as que rexistran de xeito máis palpable un proceso de despoboación. A unión das poboacións febles e avellentadas á igrexa matriz impónse cando a contigüidade das dúas parroquias existe<sup>23</sup>.

En calquera caso, se se admite normalmente que despois da súa fundación, cada parroquia é eterna na súa configuración espacial, non sería posible explicar por qué se producen algunhas subdivisións posteriores. En efecto, aínda que é posible topar sen dificultade as freguesías dos censos do século XVI nas divisións actuais, non é menos certo que se produciron algunhas modificacións na xeografía das parroquias en Galicia. En 1876, despois do «Arreglo parroquial»<sup>24</sup>,

<sup>22</sup> Pero isto non acontece en sentido contrario: a delimitación dos territorios municipais en 1836 foi realizada por agregación de territorios parroquiais completos.

<sup>23</sup> A aparición das parroquias anexas non inclúe só a roturación dos sectores máis elevados como ocorre no municipio de Monfero. FERNANDEZ DE LA ROTA, J.A.: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Madrid, 1984. Páx. 136. Os anexos poden ser creados en áreas bastante poboadas, por subdivisión dun límite parroquial. Este fenómeno foi constatado ata o século XVIII nas altas terras da Dorsal meridiana. RODRIGUEZ FERREIRO, H.: *La Tierra de Trasdeza. Una economía rural antigua*. Santiago, 1972. Páx. 43.

<sup>24</sup> Últimos retoques xerais á división eclesiástica de Galicia. O Concordato de 1851 non reestructura máis que as escalas diocesás en España. Non obstante desde 1876, algunhas parroquias perderon a súa cualidade e foron degradadas ó rango de capelas das parroquias ampliadas.



parroquiais evolucionaron pouco ata fins do século XIX, salvo por subdivisión, creación de parroquia urbana ou conquista agrícola de novos terreos.

A rixidez dos límites das parroquias é indubidable, posto que elas fundáronse a miudo sobre accidentes topográficos, cursos de auga ou liñas de cumes. Na maior parte dos casos, as fronteiras parroquiais nen foron nen son discutidas. De calquer xeito, nos sectores máis accidentados as fronteiras establecidas non son sempre precisadas moi claramente<sup>25</sup>. Poden ser sinalados dous aspectos contradictorios a propósito das parroquias cunha definición eterna. En primeiro lugar, a persistencia ata os nosos días e o mantemento polas divisións civís de numerosos enclaves de parroquias nos territorios doutras comunidades. En contraposición, máis raramente, é preciso sinalar o cambio de dependencia de aldeas en territorios montañosos ata fins do século XIX, debido á aplicación de criterios de racionalidade das divisións e de acceso ás igrexas. Nos anos 1870, puidéronse incorporar aldeas e os seus terreos dependentes a parroquias aparecidas tardiamente, despois dunha adscripción inicial a igrexas bastante alonxadas<sup>26</sup>.

Debemos añadir que as parroquias quedaron, polo menos entre o século XV e os comezos do XIX, baixo a tutela de grandes propietarios, nobles ou relixiosos, que mantiveron permanentemente os títulos de propiedade das terras traballadas polo campesiñado (sistema de foros). Cada parroquia asociábase ó control por un mesmo poder, no cal se confundían política e economía, e nalgúns casos relixión. Os intereses ben definidos tanto dos nobles laicos como do bispo ou dos mosteiros eran evidentemente a posta en produción, por este sistema de poboamento, do conxunto do dominio<sup>27</sup>. Nos séculos XIX e XX, co gallo das revoltas do campesiñado para liberarse das rentas da terra, os movementos partiron dalgúns parroquias dispersas, antes de extenderse ó conxunto da Galicia occidental.

A parroquia rural converteuse en comunidade de campesiños nun territorio delimitado, con axentes específicos e organización común. Algúns destes rasgos conserváronse ata os nosos días. Na montaña galega as terras de monte continúan sendo maioritariamente parroquiais, mesmo se a súa

---

<sup>25</sup> Sobre estas cuestións consultar MIRALBES BEDERA, M<sup>a</sup>.R.; TORRES LUNA, M<sup>a</sup>.P. de e RODRIGUEZ MARTINEZ-CONDE, R.: *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Santiago, 1979. Páxs. 7-9. Cabe sinalar tamén que en sectores elevados do leste ourensán a explotación dos recursos pizarreiros dos montes comunais abriu unha serie de pleitos pola delimitación dos territorios parroquiais. Este feito demostra, unha vez máis, a permanencia destas entidades de orixe relixiosa e das comunidades vinculadas a elas na actualidade.

<sup>26</sup> Para Monfero ver FERNANDEZ DE LA ROTA, J.A.: *Antropología... op. cit.* Páxs. 152-153.

<sup>27</sup> Consultar por exemplo a SOUTO GONZALEZ, X.M.: *O Val Miñor entre as transformacións rurais e as innovacións urbanas*. Vigo, 1991. Páxs. 41 e seguintes.

denominación no fai referencia explícita a este feito: montes de veciños, de «man común», etc.<sup>28</sup>. Tratábase igualmente dun territorio suficiente para asegurar o mantemento do clero a través dos décimos (a este respecto, non parece que se respetase un claro umbral estatístico de número de fogares). Parroquias pobres e parroquias ricas dispútanse as terras e os montes. Os curas e os consellos de fábrica obtiñan, e ata certo nivel continúan obtendo, os recursos necesarios (décimos noutro tempo, dons) para o mantemento dos edificios e do capelán. En contrapartida, defenden os intereses da parroquia fronte ás veciñas e ó poder civil. Tamén movilizaban, e aínda na actualidade, ós fregueses nos conflitos de límites de parroquiais; conflitos sobre as marxes, máis alá das cruces e outros lindes. Máis recentemente en Galicia, eran os axentes parroquiais os que movilizaban e reagrupaban ós habitantes para a reforestación das terras comunais ou os que negociaban coa alcaldía do municipio a forma de evitar a intervención oficial e o paso destas terras ó Patrimonio Forestal do Estado.

Igualmente, a referencia ó territorio e á comunidade parroquial continúa sendo a regra para todas as formas de ordenación rural realizadas desde hai dous decenios nos campos galegos. Por razóns de estrutura da propiedade e de extensión dos terreos, a concentración parcelaria sempre é realizada a escala de parroquias, o que fortalece de xeito oficial os seus límites. Isto pode significar tamén unha afirmación da singularidade parroquial, posto que as concentracións non son solicitadas máis que por certas parroquias, raramente polo conxunto de entidades dun municipio<sup>29</sup>. E unha vez que novas terras son conquistadas e postas en cultivo, o recrutamento dos colonos faise explícita e oficialmente no marco parroquial: na Limia, as terras da lagoa de Antela foron distribuídas e vendidas entre 1967 e 1980 ás familias veciñas por prorrateo das superficies de pastos que posuían as parroquias deste sector<sup>30</sup>.

En resumo, nas áreas rurais, a referencia parroquial ou o seu equivalente comunal conserva a súa importancia. Mantén o seu lugar entre os residentes, pero pode toparse exaltada na emigración. Puidose mostrar a importancia das filiacións parroquiais nos destinos dos emigrantes españois. Igualmente pódese suñar a vinculación dos emigrantes a súa comunidade de orixe coa multiplicación de sociedades nos países de acollida facendo referencia á parroquia de onde se

---

<sup>28</sup> Os montes de veciños representan aínda o 36% do conxunto dos montes en 1982, é decir, perto de 600.000 Has. PRADA BLANCO, A.: *Montes e industria. O círculo da madeira en Galicia*. Vigo, 1991. Páxs. 84 e seguintes.

<sup>29</sup> Como na Terra Chá, LOPEZ ANDION, J.M.: *Estructura y morfología agraria en la Terra Chá*. Santiago, 1979.

<sup>30</sup> BERTRAND J.R.: *Nouveaux terroirs en Galice meridionale: la Haute Limia*, en mélanges offerts au Professeur Pierre Brunet. Caen, 1992 (publicación en prensa).

saíu (Centro de Hijos de la Parroquia de...). Nestes aspectos, a identidade parroquial foi e continúa as veces sendo un elemento fundamental do espacio vivido da poboación rural.

### 3.- PARROQUIA E COMUNIDADE

Investigar sobre o que une ás poboacións, ós individuos, as bases das asociacións entre persoas semella un exercicio difícil posto que os lazos poden ser variados, diversos ou exércense en momentos diferentes. Nos estudos históricos tópanse características comunitarias diversas, en combinacións diferentes segundo as épocas ou as observacións. En primeiro lugar podemos reter:

- a comunidade de orixe, é decir os lazos de orde familiar en senso amplo (tribu, fraternidade...) que perduran. O caso da zadruga croata, da familia extensa, aportan exemplos útiles.
- a organización comunitaria das actividades, xeneralmente agrícolas, alimentou numerosos estudos rurais. O interese aumenta cando a organización económica refórzase cunha estrutura social adecuada.
- a terceira dimensión deriva das regras de vida comúns, de comportamentos (e crencias) idénticas, de actitudes recoñecidas como normas, dun sistema de valores común.

Estas tres dimensións no se topan sempre ó mesmo tempo, pero nas sociedades campesiñas da época moderna ó menos, os solapamentos son importantes. O último aspecto da comunidade semella tamén importante, posto que as relacións, as asociacións de individuos inscribíense en espacios definidos, nunha área precisa, nun territorio concreto onde se poden experimentar as diferentes formas de interacción da comunidade. A dimensión xeográfica tradúcese en diversos equivalentes: de vecindario, de proximidade, de barrio ou de xurisdicción<sup>31</sup>.

A riqueza do concepto nas análises históricas, non debe ocultar as dificultades de aplicación nas sociedades contemporáneas, onde numerosas estruturas sociais perden a súa importancia. E preciso pois demostrar que os individuos se inscriben sempre en redes de relacións que lles permiten manifestar vontades comúns, valores compartidos, claros sentimentos de pertencencia a un grupo. Os signos actuais non son necesariamente claros, ou non están

---

<sup>31</sup> DAVIES, W.K.D. e HERBERT, D.T.: *Communities within cities: an urban social geography*. Londres, 1993.

suficientemente difundidos polo que se refire ó recoñecemento inmediato de pertencencia a unha comunidade:

- as formas de solidariedade social nas poboacións son cada vez menos evidentes ou asócianse a colectividade moi amplias, e as manifestacións de grupos ou asociacións poden parecer marxinais fronte ás políticas nacionais.
- o individualismo de numerosas actitudes perturba a lectura de manifestacións comúns que expresan a pertencencia ou a defensa do grupo. A acción sectorial das asociacións non facilita a comprensión da organización comunitaria, por exemplo entre os pais de alumnos, o club da terceira idade, a igrexa ou os sindicatos de propietarios ou inquilinos...

Debemos añadir que as formas de acción comunitaria expresan a miúdo redes con dimensións moi variables e que o marco xeográfico resultante aparece ou bastante impreciso ou claramente definido.

A pertencencia relixiosa (sexa cal sexa a súa obediencia) desde hai moito tempo aporta unha perfecta ilustración da comunidade e conserva algúns casos ben claros entre as grupos menonitas de América ou os kibbutz de Israel. A imaxe preséntase tanto máis forte cando todos os atributos se reencontran, do espiritual ó económico, do territorio á reprodución social. Para numerosos grupos protestantes, a comunidade convértese en caricatura polo rexeitamento de relacións, de influencias, de lazos co resto do mundo. Pero a pesar destas formas extremas, o cristianismo puido fundar unha organización xerarquizada de comunidades que abarcaba o esencial das poboacións mentres a autoridade relixiosa mantivo certo peso.

A parroquia, a assemblea parroquial parécenos aínda un elemento fundamental fundando a comunidade, mesmo si, en Francia ou noutras partes, o número de practicantes se reduciu drásticamente e a asistencia ós oficios escasea. Outros lazos entre individuos e grupos substituíron ou alongaron as antigas relacións. Aparecen a outras escalas de organización para grupos que non representan a maioría da poboación, pero que consiguen un lugar determinante na organización da vida relixiosa. A dimensión territorial das comunidades, de orixe parroquial, semella cambiar, pero esta non é a única faceta da vida social que mudou no século XX.

Queda por comentar unha forte contradición: a emerxencia de novas comunidades, fundadas sobre a vida asociativa, a escola, a igrexa ou o lugar de residencia vincúlase ás escalas local, de barrio, de unidade catastral mentres que

as redes dos cristiáns practicantes inscríbense en amplos espacios, pluriparroquiais ou pluricomunais. Entón a pregunta céntrase en caracterizar como a vida parroquial se mantén como expresión dunha comunidade e en que marcos territoriais se pode explicar.

A historia mostra que as parroquias rurais non constitúen só unha simple división administrativa da Igrexa, porque nos séculos pasados no mesmo grupo relixioso de familias desenvolvéronse poderosos lazos de unión entre os habitantes. A parroquia rural aparece deste xeito como un grupo social, con persoalidade máis ou menos afirmada dependendo actualmente do fenómeno relixioso. A estrutura deste grupo social puidose afirmar a través de múltiples prácticas comunitarias atestiguadas pola historia agraria. Lembremos, por exemplo, os repartos dos traballos agrícolas importantes, as formas de cooperación entre veciños da parroquia (ou a aldea) para a recolección, etc. O sentimento de pertencencia ó grupo foi tamén reforzado polas prácticas de posta en común de recursos, como o monte ou certas áreas de pasto. Por último, a festa parroquial<sup>32</sup>, complementada en ocasións cunha feira agrícola, permitía na súa preparación e realización reforzar os lazos entre os habitantes e mostrar a súa identidade ós paisanos das parroquias veciñas. O renacemento das festas patronais maniféstase nas áreas rurais despoboadas e permite que se coñezan os residentes secundarios coas últimas familias arraigadas.

Estas solidariedades e prácticas comunitarias non se limitaban nen á actividade agrícola, nen ás sociedades rurais, pois podían tamén manifestarse a través das axudas e os seguros aportados a certas familias por petición do cura ou do consello de fábrica. Na Idade Media e na Idade Moderna, a igrexa exercía de mediadora entre a caridade individual e os pobres: as parroquias xestionaban a beneficencia. Estas manifestacións comúns de solidariedade cos máis desfavorecidos deron paso a formas máis individualizadas de caridade. Pero mantéñense numerosos rasgos, particularmente a través das accións de Cáritas que traballa a miúdo en relación coa oficina de asistencia social do axuntamento. Isto demostra, non obstante, que a conciencia comunitaria aparece máis enraizada nas pequenas colectividades dos pobos que nas grandes cidades.

Sen lugar a dúbidas, a importancia da parroquia como ámbito de referencia das comunidades rurais vese reforzada polo carácter eclesiástico destas unidades territoriais. As prácticas e preceptos relixiosos puideron ser

---

<sup>32</sup> Tradicionalmente a festa parroquial lembra cada ano a advocación da igrexa e corresponde a un tempo forte da vida parroquial como son as festas sinaladas de carácter litúrxico. Pero, semella que a referencia parroquial foi unha forma de recuperación pola igrexa das festas de pobo, festas da comunidade bastante anteriores. DAUZAT, A.: *Le village et le paysan de France*. Paris, 1941. Páxs. 151 e seguintes.

desigualmente respetados ó longo da historia, pero o que resulta evidente é a utilización dos símbolos máis característicos do parroquial como elemento de cohesión e autoafirmación das pequenas colectividades rurais. A este respecto, adquire un gran interese o afirmado por P. Saavedra no seu estudio sobre a vida cotiá en Galicia entre os séculos XVI e XIX. Este autor sinala que «o apego das xentes a súa parroquia (...), percíbese nas peticións dos veciños para ter servizos relixiosos regulares, de xeito que non se visen na necesidade de escoitar misa ou confesarse noutra igrexa (que así aparecería como máis importante que a súa), na defensa do lugar sagrado onde durmen os antepasados, no esforzo conxunto, con traballos ou cotas, que fan en ocasións para manter coa decencia debida o edificio parroquial e os obxectos de culto»<sup>33</sup>. Continúase dicindo que os veciños «sentíanse “propietarios” da igrexa, e mesmo en casos extremos non estaban dispostos a admitir que se lles impedise entrar nela»<sup>34</sup>. Recentes conflitos rexistrados en Galicia e en toda en España sobre a propiedade de determinados obxectos de culto ou a forma de realizar certos servizos relixiosos parecen atestiguar que esta percepción aínda se mantén en certas áreas. Por último, «o adro parroquial era tamén lugar de reunións de toda clase para asuntos relixiosos e profanos, en concellos que se facían á saída da misa maior (...). A campana tocaba para anunciar os oficios divinos, indicaba cando había un difunto na parroquia, un agonizante e, nalgúns lugares, un parto, pero servía para convocar ós veciños a todo aquilo que afectaba ó “interese común”. (...) Finalmente, ó lado da igrexa estaba a taberna, na que, rematada a misa, xoves e non tan xoves cumprían co precepto do descanso dominical»<sup>35</sup>. Complementariamente, outro historiador da Idade Moderna galega, I. Dubert, indícanos que durante a ofensiva eclesiástica contra a relaxación dos costumes que seguiu ó Concilio de Trento, as autoridades relixiosas non se empeñaron tanto na represión duns hábitos que consideraban pecaminosos (diante da imposibilidade de erradicalos por completo), como na súa recondución dentro dos límites da comunidade parroquial<sup>36</sup>. A celebración de festas de todo tipo, antroidos, reunións nos muiños ou velatorios tumultuosos chegou a ser tolerada se non sobrepasaban os estreitos marcos da parroquia.

Os poderes, delegados ou non do noble e do párroco eran exercidos sobre grupos de campesiños fixados nun marco territorial preciso e podíaase asimilalos ós límites da parroquia rural en Galicia. Isto acontecía mesmo si, tendo en conta a historia das roturacións e do poboamento, as áreas cultivadas aparecían

<sup>33</sup> SAAVEDRA, P.: *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850*. Santiago, 1992. Páxs. 207-208.

<sup>34</sup> SAAVEDRA, P.: *A vida... op. cit.* Páx. 208.

<sup>35</sup> SAAVEDRA, P.: *A vida... op. cit.* Páx. 209-210

<sup>36</sup> DUBERT, I.: *A cultura popular na Galicia rural do Antigo Réxime, 1500-1830. Ofensivas e resistencias*, en Revista Grial, núm. 122. Santiago, 1994. Pp. 236-254.

dispersas por todo o territorio parroquial<sup>37</sup>; aínda cando as regras agrarias se aplicaban de forma diferente entre os terreos dunha aldea e a súa veciña, as institucións comunitarias puideron unir ás familias campesiñas nas parroquias. Os tradicionais sistemas de axuda mútua, o muiño... desenvolvéronse neste marco e é preciso engadir a eles o papel do alcalde pedáneo encargado de determinar os lotes do monte parroquial a repartir cada ano entre as familias. Tamén é posible detectar manadas de cabalos salvaxes nas terras de monte que podían pertencer á parroquia e, ás veces, ó cura. A tradución das solidariedades entre comezos de século e 1936 traerá consigo o xurdimento de numerosas sociedades agrarias de seguros mutuos en bastante comarcas de Galicia<sup>38</sup>.

Pero ante todo, pola educación cristiana, polo matrimonio relixioso, pola sepultura que permite suliñar regularmente a cohesión do grupo, a identidade parroquial puido perpetuarse polo xogo da reprodución social, polas regras de elección do conxunto. Se na Galicia da segunda metade do século XX, a afirmación de Lisón Tolosana<sup>39</sup> -60% de unións entre persoas da mesma parroquia- non chega a verificarse máis que excepcionalmente, a proporción de matrimonios entre xoves da mesma parroquia mantivo durante moito tempo a súa importancia: os dous tercios nas Neves a fins do século XIX, a metade en Begonte durante a mesma época. Pero por razóns evidentes do mercado matrimonial desenvolvido pola emigración, a endogamia intraparroquial cae ata o 40% e menos, nos dous municipios citados despois da Guerra Civil<sup>40</sup>. Normalmente, a elección do cónxuxe coñeceu unha clara dimensión parroquial mentres a mobilidade das poboacións foi limitada (o feito de que unha muller da parroquia se casase fora podía ser un acto sometido a un saldo de contas simbólico que implicaría que os homes xoves da comunidade tentasen actuar procurando unha esposa nos territorios veciños). Coa emigración, o traballo urbano, os desprazamentos alternantes, a elección ampliouse, adaptándose ós novos espazos de vida. De feito, como acontece en todos os comportamentos sociais, non se trata máis que dunha multiplicación dos lugares de referencia. Non obstante, aínda continúa sendo frecuente que cunha residencia urbana, se escolla volver á parroquia de orixe para casarse. A pesar de todo, nas nosas sociedades móbiles as familias poden reencontrar unha referencia parroquial no

---

<sup>37</sup> Sobre esta cuestión pódese consultar a BOUHIER, A.: *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. La Roche-sur-Yon, 1979. Ver o Tomo I.

<sup>38</sup> FERNANDEZ PRIETO, L.: *Labregos con ciencia. A innovación da agricultura galega no primeiro tercio do século XX*. Vigo, 1992. Para unha análise actual desta cuestión, PEREZ IGLESIAS, M<sup>o</sup>.L.: *Tradición y decadencia de las mutuas ganaderas en Galicia*, en V. Cabero, J.M. LLorente, J.I. Plaza e C. Pol, *El medio rural español. Cultura, paisaje y naturaleza*. Salamanca, 1992. Pp. 499-507.

<sup>39</sup> LISÓN TOLOSANA, C.: *Antropología cultural de Galicia*. Madrid, 1974.

<sup>40</sup> BERTRAND, J.R.: *A poboación de Galicia. Estudios xeográficos*. Santiago, 1992. Páxs. 146 e seguintes.

seu lugar de residencia, cando elas estableceron relacións sociais estables, unha vez asentadas permanentemente nun barrio (acceso á propiedade) e si posúen nenos en idade de escolarizar e catequizar...


#### 4.- AS PARROQUIAS A FINS DO SECULO XX

Ata o momento, e ó longo de toda a nosa exposición, procuramos suliñar a importancia da parroquia na organización do espacio. Non obstante, tratáronse de evidenciar unha serie de rasgos definitorios destas unidades elementais da administración eclesiástica sen establecer unhas referencias temporais demasiado precisas, xa que aludimos indistintamente a características da realidade parroquial do pasado e a elementos que poden axudar a definilas no momento actual. Nas seguintes páxinas centrarémonos exclusivamente no presente, tentando analizar algúns síntomas do declive destas células básicas de relación social, como resultado da crise xeral que afectou á sociedade rural tradicional en Galicia, e poñer tamén de manifesto certos feitos que reflexan a continuidade da cohesión parroquial en contextos completamente novidosos. Como sinalabamos ó comenzo deste traballo, os últimos decenios caracterízanse por un conxunto de fondas transformacións socioeconómicas que traen consigo a consolidación de sendos procesos de urbanización e secularización. A desigual significación destas dinámicas sobre o territorio obríganos a formular unha reflexión na que, mediante unha serie de aproximacións parciais, tentaremos coñecer, tanto os síntomas dunha crise evidente do mapa eclesiástico definido ó longo da historia, como algúns exemplos de adaptación das estruturas parroquiais a unha realidade cambiante. Polo tanto, a nosa análise será necesariamente matizada e adoptará varias perspectivas complementarias de aproximación a un presente de enorme complexidade.

Nunha obra xa clásica, Peter L. Berger definiu o proceso de secularización da seguinte maneira, «entendemos por secularización o progreso polo cal algúns sectores da sociedade e da cultura son sustraídos da dominación das institucións e dos símbolos relixiosos. Cando falamos da sociedade e de institucións na historia do Occidente moderno, está claro que a secularización maniféstase pola evacuación por parte das igrexas cristiáns de áreas que previamente estiveron baixo o seu control e influencia -por exemplo, a separación entre igrexa e Estado, a expropiación dos bens eclesiais inmoebles ou a emancipación da educación con relación á tutela da Igrexa. Sen embargo, cando falamos de símbolos e de cultura, implicamos que a secularización é algo máis que un proceso socioestructural. Afecta á totalidade da vida cultural e ideolóxica...»<sup>41</sup>. Este autor precisa que «se

<sup>41</sup> BERGER, P.L.: *Para una Teoría Sociológica de la Religión*. Barcelona, 1967. Páxs. 154-155.

Figura 2



ben a secularización pode ser considerada como un fenómeno global das sociedades maduras, non se topa uniformemente distribuída entre elas. Os diferentes grupos de poboación que por ela foron afectados fóronno en diferentes graos. Así, puidose observar que, por exemplo, o impacto da secularización tende a ser máis forte entre os homes que entre as mulleres, entre as xentes de media idade que entre os máis xoves e os máis vellos, entre os habitantes das cidades que entre os do campo, entre as xentes conectadas dalgún xeito coa produción industrial moderna (especialmente entre a clase obreira) que entre os que continúan en ocupacións máis tradicionais...»<sup>42</sup>. En todo caso, «o “portador” original da secularización é o proceso económico moderno»<sup>43</sup>.

Sen lugar a dúbidas, é posible referirse á existencia dun proceso secularizador na Galicia actual como resultado das fondas transformacións sociais, territoriais e productivas que tiveron lugar a partir dos anos 1960. A organización do espazo modificouse por completo e un dos principais indicadores desta dinámica é a perda de protagonismo da parroquia. En primeiro lugar, as parroquias definidas como pequenos territorios e comunidades de forte cohesión, mantiveronse plenamente viventes no marco dunha sociedade eminentemente rural e campesiña. Os últimos decenios supoñen a creba deste modelo, xa que os campos despoboanse, o traballo nas actividades agrarias pasa a ocupar un lugar secundario e, pola contra, a poboación comenza a concentrarse nas cidades e nunha serie de espazos urbanos de forte crecemento. De forma complementaria, os sistemas de explotación da terra variaron por completo, rexistrándose unha substitución do antigo campesiñado que vinculaba a rentabilización das súas parcelas a un particular xeito de vida polo agricultor e/ou gandeiro que tenta obter os máximos beneficios do seu traballo no marco dunha economía de mercado. En consecuencia, as estruturas parroquiais acusarán unha aguda crise motivada por varios factores: a diminución no número de habitantes de moitas destas unidades e o consecuente avellentamento demográfico das mesmas; a práctica desaparición dos tradicionais sistemas de axuda mútua nunha agricultura renovada; a multiplicación do número de persoas que desenvolven a súa actividade laboral a certa distancia do seu lugar de residencia, e a importancia adquirida polas relacións económicas que se desenvolven en espazos cada vez máis amplos.

Un segundo efecto dos cambios que tiveron lugar é a crecente mobilidade da poboación. Desde moi pequenos os cativos son escolarizados normalmente fora dos estreitos límites parroquiais. Así mesmo, os seus pais aínda que continúen dependendo do traballo no campo, deben desprazarse con certa

<sup>42</sup> BERGER, P.L.: *Para una... op. cit.* Páxs. 155-156.


<sup>43</sup> BERGER, P.L.: *Para una... op. cit.* Páxs. 158.

frecuencia ó pobo, a cabeceira comarcal ou a cidade próxima para informarse periodicamente sobre os novos sistemas de rentabilización da terra, para mercar desde gando seleccionado ata sementes ou o instrumental necesario para a súa explotación e para negociar a comercialización máis adecuada dos rendementos obtidos nas súas parcelas. Nunha sociedade crecentemente monetarizada, os desprazamentos semanais ou diarios para a adquisición dalgúns alimentos, roupa ou outros bens de uso común deben realizarse case sempre fora do marco parroquial. Polo tanto, a antiga persoalidade parroquial, fundamentada nuns períodos históricos nos que só se deixaba a comunidade de orixe en días moi sinalados, foise diluíndo en boa medida. Os novos comportamentos económicos e as formas actuais de disfrute do tempo de lecer xa non toman como referencia habitual á parroquia, moitas veces poboada por un escaso número de veciños incapaces de xerar dinámicas de vida comunitaria ou de xestionar adecuadamente o patrimonio (montes, o campo da festa, etc.) herdado por séculos de tradición.

Outra manifestación do declive do parroquial ven expresada pola redución e marcado avellentamento do clero rural. Se unha característica fundamental destas unidades eclesiásticas é a existencia dun cura que resida nelas e desenvolva un papel de certo protagonismo no seo da comunidade, hoxe en día apréciase un notable descenso no número total de párrocos en calquera das dióceses galegas e unha considerable elevación da idade media dos mesmos. Cada vez son máis numerosas as parroquias atendidas de xeito esporádico por un cura dos arredores (visitas limitadas ós servizos dominicais ou con motivo dun enterro, unha festa ou outra celebración especial) e mesmo pode suceder que os veciños dun territorio moi despoboado deban desprazarse a unha igrexa próxima para seguir cumprindo cos preceptos cristiáns. Ademais, esta situación tenderá a xeneralizarse nun futuro próximo diante da escasez de párrocos menores de 40 anos.

Para analizar esta cuestión utilizamos a información proporcionada polas Guías da Arquidiocese de Santiago de 1965 e 1992. Segundo esta fonte, o número total de párrocos reduciuse nun tercio entre as dúas datas de referencia, pasando de 1.156 a 784. Neste amplo territorio eclesiástico, os efectivos de hai trinta anos eran aínda superiores ó número de parroquias urbanas e rurais: 1.066 en total, distribuídas por 105 municipios. Pero isto non quere dicir que todas as parroquias rurais contasen cun cura residente. De feito, na Terra de Montes algúns párrocos xa se encargaban de levar dúas parroquias veciñas coas súas respectivas anexas, pois ó redor da cuarta parte das divisións eclesiásticas aparecían vacantes. Tratábase por suposto dun sector pouco poboado, que se localiza nas estribacións da Dorsal meridiana.

Figura 3



Arquidiocese de Santiago. Idade media dos párrocos en 1991

Como tivemos ocasión de indicar o retroceso na cifra de párrocos rurais, moi forte a partir de 1970, acompáñase de evidentes signos de avellentamento. En 1965, máis da metade (53,8%) dos párrocos da arquidiocese de Santiago tiñan menos de 30 anos, como resultado do destacable movemento de vocacións desenvolvido despois da Guerra Civil. Pola contra, os de máis de 60 anos representaban unha cuarta parte do total. Hoxe en día a situación mudou por completo, xa que o groso dos efectivos de xoves párrocos dos 1960 conta na actualidade con máis de 45 anos. En 1992, os curas con idade inferior ós 30 anos só supoñen o 6% do total, esencialmente polo marcado declive detectado nas ordenacións: 20 por ano nos 1960 e 5 no momento presente. No extremo oposto, o peso dos maiores de 60 anos supón máis dun tercio do conxunto e é previsible que a súa significación continúe aumentando en tempos vindeiros.

A redución no número total de párrocos rexistrada na arquidiocese de Santiago, trae consigo que algúns territorios eclesiásticos pasen a ser atendidos por un cura residente nas proximidades. A este respecto, cabe sinalar que os reagrupamentos efectuados ó quedar vacante unha parroquia ignoran rotundamente os límites administrativos laicos. Na redistribución das tarefas

pastorais vólvense poñer de manifesto as complexas estruturas administrativas relixiosas en áreas de hábitat disperso e dinámicas orixinais nas formas de adaptación ós cambios demográficos contemporáneos.

Se se examina a evolución do número de parroquias atendidas por un párroco residente con certa perspectiva temporal, os efectos da mobilidade e da despoboación son evidentes: parroquias valeiras, con titulares moi vellos ou replegues sobre as áreas aínda bastante poboadas. Así nos arciprestados do sector do Xallas, este proceso desenvolveuse moi rápidamente. En 1965, nos arciprestados de Nemancos, Celtigos, Duiro e Soneira, que contabilizan 104 parroquias matrices coas súas anexas, 21 delas non eran atendidas directamente. Un cuarto de século máis tarde, dos 83 párrocos rurais existentes só quedan 44 curas en exercicio<sup>44</sup>. Estes párrocos encárganse as veces da igrexa de núcleos cun número de habitantes significativo como Fisterra ou Cée. Tamén é frecuente que dúas ou tres parroquias sen titular se topen baixo a autoridade pastoral do cura dunha parroquia máis ou menos próxima. Deste xeito, a maior parte dos párrocos atenden varias unidades da administración eclesiástica. Estas unións, persoalizadas a través do párroco, presentan configuracións espaciais orixinais. Por unha parte, os reagrupamentos non teñen en conta nen os límites do municipio, nen o mapa eclesiástico de arciprestados (proba evidente da escasa importancia que manteñen na actualidade estes territorios supraparroquiais). Dúas normas parecen prevalecer: primeiro, a existencia dun efectivo demográfico suficiente para xustificar a permanencia dun clérigo (os mellores terreos agrícolas do Xallas conservaron os seus párrocos); logo, as facilidades de comunicación, cun predominio de asociacións de parroquias meridiana, seguindo as estradas ou os cursos de auga entre os bloques basculados da Terra de Soneira. De feito, a atención de novas poboacións por parte dos curas tradúcese en reagrupamentos baixo a mesma tutela de parroquias moi pouco habitadas, pero doadas de xuntar a partir dos párrocos aínda en activo<sup>45</sup>.

A carga pastoral dos párrocos pódese medir polo número de ánimas que atenden. Esta cifra varía notablemente segundo os lugares e as formas do poboamento. En concreto, é moito máis feble nas parroquias rurais despoboadas (arciprestados de Benvexo, Veá e Rivadulla con menos de 1.000 personas por cura) e claramente máis elevada nos espazos urbanos. Así, no arciprestado de

---

<sup>44</sup> Serie para 1965: *Guía de la archidiócesis de Santiago de Compostela*. Oficina diocesana de información e estadística. Santiago, 1965. Para 1992, *Guía del Arzobispado de Santiago de Compostela*. Delegación de socioloxía e estadística. Santiago, 1992. Tamén, *Nomenclátor del arzobispado de Santiago de Compostela*. Delegación de socioloxía e estadística. Santiago, 1992.

<sup>45</sup> Non se deben esaxerar os efectos da distancia e o aillamento. No 1992, coas melloras sustanciais da rede de estradas desde hai un decenio, un párroco de Santiago pode celebrar misa nas parroquias do Xallas.

Santiago, contabilizando só os párrocos que atenden unha ou varias igrexas, supera os 5.000 habitantes por cura. Pero outras variables interveñen na estimación. Por unha parte, a idade do clero ponse de manifesto de forma indirecta, xa que se observa a continuidade ó fronte das súas parroquias dos curas máis vellos que ocuparon durante moito tempo ese posto, e isto mesmo se o despoboamento do territorio en cuestión é importante. Este é o caso do arciprestado de Tabeirós, aínda coa metade das parroquias atendidas, ou Postmarcos de Abaixo, onde as tres cuartas partes das parroquias posúen na actualidade un cura, nun sector onde o asentamento da poboación mantense agrupado. Pero noutros casos, o efecto da idade é o contrario xa que se confía a xoves párrocos a carga de territorios despoboados e numerosos, nos que a súa atención demanda frecuentes desprazamentos como se observa nos arciprestados do Barcala e o Dubra<sup>46</sup>.

Unha análise en detalle da situación característica da Terra de Montes permite obter resultados xerais idénticos ós que vimos de comentar. Non obstante, a complexidade das divisións eclesiásticas, a dispersión do hábitat e as febles densidades demográficas provocan reagrupamentos bastante amplos, de 3 a 5 parroquias baixo a responsabilidade dun cura. En calquera caso, os desprazamentos que se orixinan teñen lugar sobre distancias non demasiado amplas (menos de 20 quilómetros) e supoñen o servizo a poboacións parroquiais xeneralmente pouco numerosas. Baixo a autoridade dun cura, sitúanse efectivos humanos modestos, entre 1.000 e 2.000 habitantes. As cargas máis débiles corresponden ós párrocos de maior idade (70 anos e máis) con cifras inferiores ós 500 habitantes nunha única parroquia. A carga elévase cando unha capital municipal ou unha vila como Forcarei ou A Estrada aparecen incluídas, pero neste último caso, o núcleo de 6.000 habitantes é atendido por dous eclesiásticos que exercen na mesma parroquia. O efecto do poboamento entre o val do Ulla e as altas terras da Dorsal é aínda máis claro que no Xallas, xa que o mesmo é acrecentado polas amplas extensións das parroquias montuosas que só excepcionalmente contabilizan 40 habitantes por quilómetro cadrado. Nesta área as parroquias cun cura residente refúxianse nos confíns do val do Lérez.

A crise da vida parroquial en Galicia é un proceso desenvolvido nos últimos trinta anos, período no cal se rexistraron fondos cambios na organización espacial e na estrutura productiva das catro provincias. Sen embargo, e xa foi apuntado, a perda de importancia das parroquias non constitúe unha dinámica homoxénea e xeneralizable a todos os aspectos da vida social. Utilizando unha serie de informacións e perspectivas de análise diversas, é factible poñer de

---

<sup>46</sup> Estes xoves párrocos son tamén os encargados en moitas ocasións da animación pastoral en Santiago.

manifesto a pervivencia das estruturas parroquiais tanto na conciencia colectiva da poboación como en iniciativas que implican a adaptación ás novas regras de xogo económicas. Nestes casos, conséntase que as transformacións do sistema productivo teñen lugar nuns períodos de tempo moito máis cortos que os fondos cambios sociais e estes a súa vez que as mudanzas nas actitudes culturais e ideolóxicas<sup>47</sup>.

Algunhas probas de que as parroquias seguen constituíndo as unidades territoriais de referencia para amplos sectores da poboación foron sinaladas ó longo deste traballo: constitución ou intentos de conformación de novos municipios a partir do agrupamento de varias parroquias; mantemento das festas patronais (aínda que só queden reducidas a un oficio relixioso e a unha comida cos parentes e amigos); utilización do marco parroquial para as tarefas de concentración parcelaria, e pleitos entre comunidades veciñas pola delimitación do monte, cando este se convirte nunha fonte importante de riqueza. Outro indicador desta pervivencia do parroquial ven dado polo sentimento de pertencencia dos xoves de áreas rurais e periurbanas a súa parroquia de orixe, a pesar de que como se indicou, na actualidade, a maior parte dos nenos son escolarizados desde os 4 ou 6 anos fora da súa comunidade de orixe.

Ata o momento, foron moi escasos os estudos que se desenvolveron en Galicia sobre os conceptos de territorialidade nos grupos de menor idade. Non obstante, algunhas aproximacións parciais ó tema permiten constatar de xeito provisional que a parroquia segue sendo o territorio básico de referencia para os estudantes de sectores non urbanos. De feito, un cuestionario distribuído no Colexio Público de Palas de Rei no ano 1993 entre 130 alumnos de 11, 12 e 13 anos, pon de manifesto estes extremos<sup>48</sup>. Do total de alumnos ós que se pediu que indicasen libremente o seu enderezo, 107 incluíron no mesmo o nome da parroquia onde residían, 105 o concello, 80 a provincia e 50 a aldea. Cabe sinalar que neste municipio da provincia de Lugo son moi poucas as parroquias que contan cunha única entidade habitada. Ademais se se analizan estes datos de forma máis detallada, obsérvase que 62 escolares escriben o nome da parroquia en primeiro lugar dentro da súa dirección, 45 a súa aldea de residencia, 18 unha rúa da cabeceira municipal e 5 o municipio. Debemos ter en conta que estes resultados non constitúen unha excepción, xa que no proceso de elaboración de datos dun anterior estudio que realizamos sobre educación e territorio en

---

<sup>47</sup> PAGES, P.: *Introducción a la Historia. Epistemología, teoría y problemas de método en los estudios históricos*. Barcelona, 1983. Páxs. 241 e seguintes.

<sup>48</sup> PEREIRO PEREZ; X.: *A percepción do espazo polas alumnas e polos alumnos de 11, 12 e 13 anos en Palas de Rei*. Traballo presentado no Curso de Doutoramento de Antropoloxía Social da Universidade de Santiago. Santiago, 1993.

Galicia<sup>49</sup> puidose comprobar que unha abrumadora maioría dos estudantes de bacharelato, indicaban a súa parroquia de orixe á hora de cumprimentar as súas fichas e impresos de matriculación. En centros tan alonxados entre sí como os institutos de Carballo, Muros, Viana do Bolo, O Carballiño, Becerreá ou Viveiro, máis do 85% dos alumnos inscritos (exceptuando ós residentes nas cabeceiras comarcais) deixaban constancia da parroquia onde residían para indicar o seu enderezo. A teor do que expresan estas informacións, parece evidente que a parroquia continúa mantendo no esencial o seu protagonismo como comunidade e territorio básico de referencia na Galicia extracidadán, mesmo para aqueles grupos de persoas con menor idade que nunca coñeceron os sistemas de axuda interveciñal no traballo no campo ou a importancia que chegaron a acadar as festas e celebracións desenvolvidas no marco destas pequenas colectividades rurais.

De forma complementaria, a análise das áreas de influencia definidas polos Institutos de Bacharelato a finais dos anos 1980, pon de manifesto a escasa consistencia dos límites municipais á hora de representar a información obtida e, en contraposición, a necesidade de recurrir ás parroquias como unidades básicas para o tratamento dos datos<sup>50</sup>. Son moi escasos os institutos que presentan un territorio de atracción do alumnado coincidente cos límites de dous ou tres términos municipais (ó sumo 4 casos en toda Galicia) e cando isto acontece son factores externos, como a existencia de transporte gratuíto ou criterios estrictos de zonificación escolar, os que condicionan a libre elección de centro por parte dos estudantes e os seus pais. O normal é que un instituto defina unha área de recrutamento dos xoves bachareles que inclúe todo o territorio de varios concellos próximos e algunhas parroquias dos sectores máis alonxados. De feito, na Mariña lucense: o IB de Viveiro desenvolve a súa influencia polos municipios de Viveiro, O Vicedo, Ourense e parte de Xove; o de Burela polo término de Cervo, certos espazos de Xove e as parroquias septentrionais do Valadouro; o de Foz polo seu municipio, os espazos máis cercanos de Barreiros, o sur do Valadouro e tres parroquias de Alfoz; por último, o de Ribadeo define unha área de influencia extendida por todo Ribadeo, as parroquias orientais de Barreiros, case todos os territorios de Trabada e algunhas poboacións do oeste asturiano. A nivel educativo, como soe acontecer tamén no estudio dos desprazamentos xerados polo comercio minorista, resulta imprescindible descender á escala parroquial para ter un coñecemento exacto dos comportamentos espaciais da poboación. Neste senso, cabe lembrar que en varias ocasións tense sinalado que o proceso

---

<sup>49</sup> LOIS GONZALEZ, R.C.: *Aproximación a una geografía de la juventud. Estudio socioespacial de los centros de enseñanza media y universitaria en Galicia (1960-1990)*. Tese Doctoral en Microfichas. Santiago, 1991.

<sup>50</sup> LOIS GONZALEZ, R.C.: *Aproximación a... op. cit.*

de elaboración das listas de candidatos dos diversos partidos políticos para as eleccións municipais baséase en elixir a persoas representativas de case todas as parroquias, ou pequenos grupos de parroquias, que conforman o territorio municipal.

A crise dalgunhas manifestacións da vida parroquial é un feito indiscutible, que afecta en maior medida ós comportamentos económicos que ós sentimentos de pertencencia a unha comunidade con varios séculos de historia. Pero mesmo no ámbito económico chéganse a topar exemplos de revitalización das estruturas parroquiais nun contexto de modernización productiva. Este é o caso da transformación dun número crecente de montes comunais das catro provincias en áreas de pastizal, a través dun programa impulsado pola Consellería de Agricultura. Como é sabido, os últimos decenios trouxeron consigo fondos cambios nas actividades agrarias que se desenvolven ó longo de toda Galicia. De forma progresiva, o traballo no campo deixa de levarse a cabo seguindo unhas estratexias baseadas en asegurar o autoconsumo doméstico e comencan a adicarse os maiores esforzos a producir para o mercado. A intensificación dos rendementos pecuarios e o auxe que adquiren algúns cultivos crecentemente demandados polas poboacións urbanas, tiveron lugar no marco de pequenas explotacións agrarias nas que a presión sobre a terra incrementouse de forma considerable. Este proceso ten unhas causas ben coñecidas e trae como consecuencia unha desigual utilización do espacio potencialmente aproveitable.

Se no sistema agrario tradicional tiña lugar a integración do monte comunal no esquema productivo, na actualidade isto non soe acontecer por varias razóns. Ata os anos 1970, o gando pertencente á familia campesiña era aloxado en cortes localizadas nas propias vivendas, onde as camas formadas por xestas, toxos e os propios excrementos dos animais servían para proporcionar o esterco necesario para o abono das parcelas. Polo tanto, para facer funcionar este sistema era imprescindible dispor dunha superficie de monte baixo máis ampla que a dos terreos de laboreo e prados<sup>51</sup>. Coa introducción das modernas técnicas de abonado, a produción doméstica de esterco deixa de ter interés e as antigas cortes son substituídas polos novos establos que fan innecesario o aporte de toxos e xestas para o asentado da cabana pecuaria. O monte perde a súa principal utilidade pero non a única, xa que a práctica do cultivo de cereais nas ladeiras, mediante a realización de rozas ou estivadas, tamén se presenta como unha actividade en retroceso. Así mesmo, a utilización destes sectores elevados como lugar de pastoreo ocasional do gando só mantén a súa importancia nas áreas de montaña. En consecuencia, o monte baixo pasa de xogar un papel fundamental

---

<sup>51</sup> GARCIA FERNANDEZ, J.: *Organización del espacio y economía rural en la España atlántica*. Madrid, 1975.

no sistema agrario a converterse nun conxunto de terreos improductivos onde medran espontaneamente distintas especies arbustivas que perderon a súa funcionalidade no marco das economías campesiñas. Noutra orde de cousas, conséntase un avance das superficies ocupadas por toxos, xestas ou uces como resultado do proceso de abandono de parcelas cultivadas que caracteriza ós espazos rurais das catro provincias aqueixados por un forte avellentamento demográfico. A maior parte da extensión de numerosos términos municipais non se cataloga como Superficie Agraria Util (a SAU que inclúe o labradío e os prados e pastos) e, pola contra, a produción final agraria continúa aumentando, o que pon de manifesto que cada vez menos terras son sometidas a un enorme esforzo de rentabilización mediante o recurso abusivo ó abonado orgánico (os puríns) e ó emprego de fertilizantes químicos.

Neste contexto, é doado entender que a administración autonómica formulara un programa de transformación dos terreos comunais en novos sectores de pasto. Como se apuntou, boa parte da propiedade do monte en Galicia correspondeu historicamente ás parroquias ou ás aldeas e, polo tanto, a Consellería de Agricultura deseñou a súa actuación agardando que as comunidades parroquiais presenten plans concretos de transformación das áreas cubertas de mato que lles pertencen en pastizais. Concretamente, os veciños dunha parroquia deben propoñer de mutuo acordo que a totalidade ou unha parte da superficie comunal sexa obxecto da intervención. Se esta solicitude é estimada, a administración costea os gastos de desbroce, construción de cercas, drenaxe, mellora de camiños e semente, é dicir, aqueles labores que requiren o uso de maquinaria pesada e que implican certo nivel de capitalización. Pola súa parte, os «veciños comuneiros» (tal como se denominan na normativa existente) teñen que aportar a man de obra especializada e a maquinaria de uso normal. De feito, serán eles os que posteriormente se encarguen da xestión do espazo transformado mediante a constitución dunha Xunta Parroquial.

Os resultados de este programa levado a cabo desde 1985 foron importantes, xa que a finais de 1992 materializáranse 199 actuacións, sobre unha extensión total de 7.067 Has. e por un importe de 1.750.396.000 pesetas. A súa significación, como aconteceu coa concentración parcelaria, é indubidable, posto que permite reafirmar o protagonismo das comunidades parroquiais nos procesos de modernización productiva que afectan ó mundo rural galego. Non obstante, un exame da distribución territorial das actuacións evidencia que foron as provincias do interior as máis beneficiadas por este programa, precisamente aqueles espazos nos que o proceso de urbanización e os cambios socioeconómicos tiveron unha menor intensidade, o que se traduce no mantemento dun superior nivel de cohesión parroquial. Segundo os datos disponibles, en Lugo acometéronse 111 intervencións que implican a transformación productiva de 4.100 Has., en

Ourense 38 sobre un total de 1.773 Has., na Coruña 28 afectando a 773 Has. e en Pontevedra 22 que só supoñen a conversión en pastos de 413 Has. O feito de que a provincia de Lugo se destaque con máis da metade da superficie que cambiou de uso é lóxico, xa que nos topamos diante do territorio galego no que as recentes transformacións rexistradas no traballo da terra traducíronse nunha completa especialización na cría de gando bovino. Dentro desta provincia, un repaso das actuacións levadas a cabo pon de manifesto que son os sectores de media montaña situados no norte (O Valadouro, Abadín, Mondoñedo, Xermade, etc.) e as áreas da alta montaña oriental (A Fonsagrada, Navia de Suarna, Nogueira de Muñiz, Baleira, Pedrafita do Cebreiro, etc.), os espazos que sobresaen pola cuantía das intervencións realizadas e, especialmente, pola extensión que acadan os novos terreos transformados en pastizal. De feito, este programa deseñado para toda Galicia serviu fundamentalmente para revitalizar o tradicional protagonismo dun conxunto de parroquias periféricas onde os sistemas de colaboración interveciñal se revelan fundamentais para acometer as transformacións productivas, posto que a superficie do monte en man común supera amplamente á correspondente ás parcelas adicadas a cultivos ou a prados que se xestionan no marco da pequena explotación familiar.


Sen lugar a dúbidas, unha das comarcas donde maior relevancia socioeconómica tivo a conversión do monte en pastizal é a das Serras Septentrionais lucenses, particularmente nos municipios de Abadín, O Valadouro e Mondoñedo. Nun traballo recentemente realizado sobre esta área<sup>52</sup>, conséntase que a xestión comunal das novas superficies de pasto conseguidas nos sectores montuosos convértese nunha das principais fontes de ingresos de cinco parroquias de Abadín, catro do Valadouro e dúas de Mondoñedo, nas que a constitución e regular funcionamento das Xuntas Parroquiais facilitou unha especialización en gandería bovina de carne. A norma xeral é que a cabana pecuaria que se cría no monte pertenza ó conxunto dos veciños comuneiros, que contribuíron a partes iguais a súa constitución e que participan de forma solidaria nos labores cotiás de cuidado e alimentación do gando. A comercialización dos rendementos obtidos realízase tamén en base a esta asociación e só nunha minoría de parroquias adoptouse a fórmula de criar os exemplares de vacún de forma individualizada, non recurrido ó reparto posterior e igualitario de beneficios. Esta experiencia de transformación productiva nun sector relativamente ben individualizado da provincia de Lugo, expresa a importancia que a parroquia definida como territorio e comunidade de veciños mantén no mundo rural galego actual. Se a transición cara a unha agricultura de mercado supuxo xeneralmente

---

<sup>52</sup> GUEIMONDE CANTO, A. e PEREZ FRA, M<sup>o</sup>.M.: *Proxecto de Desenvolvemento Local para os concellos de Abadín, Mondoñedo, Pastoriza e O Valadouro*, presentado no Master de Xestores de Desenvolvemento Local, organizado polo IDEGA. Universidade de Santiago, 1994.

Figura 4

Localización dos montes en man común transformados en pastizais, e número de veciños comuneiros en Lugo. 1993.



o declive da cohesión parroquial, non é menos certo que estas unidades básicas do poboamento poden ser tomadas como referencia en calquera tipo de proxectos que pretendan racionalizar o aproveitamento do espacio extracidadán, caracterizado por unha falta de políticas serias de ordenación integral do territorio.

A transformación de numerosos montes comunais en áreas de pasto, xunto ós tradicionais programas de concentración parcelaria ou os recentes pleitos xurdidos pola delimitación dos territorios parroquiais na comarca pizarreira do Valdeorras, poñen de manifesto certa vixencia da parroquia no contexto dunha economía de base rural afectada por cambios moi fondos. Non obstante, a importancia da parroquia en todos estes procesos non puido chegar máis lonxe debido á falta de recoñecemento oficial destas entidades na nosa historia recente. Apesar de que o Estatuto de Autonomía de Galicia fai referencia explícita á necesidade de dotarse dunha lei marco que determine as futuras competencias administrativas da parroquia e aínda tendo en conta que algunhas normas legais aprobadas polo Parlamento Galego (como é o caso da Lei de Adaptación do Solo de Galicia), insisten en que estes territorios sexan tomados en consideración á hora de elaborar Plans Xerais de Ordenación Urbana ou Normas Subsidiarias, resulta evidente que nos topamos diante de continuas declaracións de intencións que non se levaron á práctica. A parroquia carece de plena entidade xurídica, se ben o seu protagonismo na organización do espacio é indiscutible. Unicamente, en certos casos excepcionais produciuse a conversión destes territorios en unidades administrativas elementais, mediante a constitución das denominadas «Entidades Locais Menores» ou «Entidades de ámbito territorial inferior ó municipio» contempladas pola Lei de Reguladora das Bases do Réxime Local<sup>53</sup>.

A orixe legal destas entidades remóntase ás leis municipais de 1870 e 1877, se ben houbo que agardar á aprobación do Estatuto Municipal de 1924 para que moitas parroquias, lugares, aldeas ou poboacións de toda España iniciasen os trámites de constitución destas unidades relativamente autónomas con respecto ó término municipal ó que pertencen. A nova Lei de Bases de Régime Local de 1985 ratifica a súa existencia e desenvolve os mecanismos que deben seguirse para a súa constitución, funcionamento ou disolución<sup>54</sup>. Recoñécese que a

<sup>53</sup> LEY 7/1985 REGULADORA DE LAS BASES DEL REGIMEN LOCAL. Artículos 35 ó 45.

<sup>54</sup> Para unha máis completa información sobre as Entidades Locais Menores, débese consultar: FARIÑA JAMARDO, X., *La entidad local menor y su proyección en Galicia, en Libro Homenaje a Carlos Ruiz del Castillo*, IEAL, Madrid, 1985; FARIÑA JAMARDO, X., *Os concellos galegos. Parte xeral*, Páxs. 351-352. A Coruña, 1990; MIGALLON RUBERT, J., *Manual de Régimen Local y Derecho Urbanístico*, Alicante, 1990, e o artigo titulado *El primer escalón de la administración local*, publicado na Revista BANDO do Ministerio para as Administracións Públicas, núm. 22, setembro/outubro de 1993, páxs. 34-39.

iniciativa de conformación dunha nova entidade deste tipo corresponde á poboación interesada ou ó axuntamento que rixe os destinos dese territorio. As Entidades Locais Menores son gobernadas por un alcalde pedáneo e unha Asamblea ou Xunta veciñal na que o número de membros no poderá ser inferior a dous nen superior a un tercio da cifra de concelleiros asignados ó municipio onde se integra. A elección do alcalde e da xunta realizarase coincidindo coas Eleccións Municipais. De feito, os votos emitidos a cada candidatura no territorio da entidade serán contabilizados para determinar a composición dos seus órganos de goberno.

O principal problema que se lle plantexa a estas unidades de ámbito inferior ó municipio son as escasas competencias que a lei lles reserva. Concretamente, só se lles recoñecen catro atribucións básicas: a construción, conservación e reparación de fontes, lavadeiros e abrevadeiros; a policía de camiños rurais, montes, fontes e ríos; a simple administración e conservación do seu patrimonio, incluído o forestal, e a regulación do aproveitamento dos seus bens comunais; e a execución de obras e a prestación de servicios comprendidos na competencia municipal e de exclusivo interese da entidade, cando non esté a cargo do respectivo municipio<sup>55</sup>. Resulta evidente que a normativa legal subordina de forma explícita as competencias das Entidades Locais ás correspondentes ó concello onde se integran. Se a isto engadimos que estas unidades administrativas menores non poden recaudar impostos<sup>56</sup>, será doado comprender que a súa importancia fose historicamente marxinal, xa que as numerosas dificultades que implica a súa constitución tradúcense en poucos beneficios directos. Unicamente, en áreas cun hábitat moi disperso, problemas de accesibilidade ou existencia dun patrimonio forestal comunitario de certa relevancia, que permite a xeración de recursos financeiros necesarios para o seu funcionamento, o proceso de legalización destas entidades acadou relativa significación. En liñas xerais, pódese afirmar que a Lei de Bases de Réxime Local establece un modelo de funcionamento das unidades administrativas inframunicipais excesivamente xenérico e que só tende a recoñecer unha realidade herdada, xa que a ausencia de autonomía presupostaria definida para estas Entidades Locais Menores actúa como indiscutible freo no seu desenvolvemento futuro. A este respecto, cabe sinalar que a principal virtude desta norma legal consiste en atribuír ás diferentes Comunidades Autónomas a competencia de creación, establecemento de novas competencias e supresión destas entidades, co cal é factible que en todo o norte de España, con forte enraizamento da vida parroquial, se formulen leis específicas que permitan o

<sup>55</sup> MIGALLON RUBERT, J.: *Manual... op. cit.*

<sup>56</sup> Revista BANDO, núm. 20: *El primer escalón... op. cit.*

recoñecemento destes territorios básicos na organización do espacio rural. A Lei de Bases de Réxime Local coincide con algúns Estatutos de Autonomía (como o de Galicia) en establecer un marco xeral que favorece o ulterior desenvolvemento dunha normativa legal sobre as parroquias. Sen embargo, esta posibilidade a penas se materializou ata o momento<sup>57</sup>, como consecuencia tanto dos elevados gastos que xeraría como polo marcado sesgo municipalista que impregna todo o desenvolvemento do dereito administrativo español.

Nas dazasete Comunidades Autónomas, contabilízanse un total de 3.724 Entidades Locais Menores, distribuídas de xeito moi desigual. De feito, sobresaen a súa importancia en Castela-León con 2.247 unidades administrativas deste tipo, Cantabria con 534, Navarra con 383 e o País Vasco con 328, mentres que en Canarias e Murcia non aparece nengunha<sup>58</sup>. Estamos diante dunha realidade espacial concentrada nos sectores montañosos de León, Burgos e Cantabria, que tamén adquire certa relevancia en provincias forais como Alava e Navarra e, de forma subsidiaria, pode presentarse nos novos pobos de colonización xurdidos ó longo deste século<sup>59</sup>. No caso de Galicia, a importancia das entidades con ámbito inferior ó municipio é marxinal, xa que só se constata a existencia de 9, oito pertencentes á provincia de Pontevedra e unha á de Ourense. Trátase das parroquias de Arcos da Condesa en Caldas de Reis, Bembrive en Vigo, Camposancos na Guarda, Chenlo no Porriño, Morgadáns en Gondomar, Pazos de Reis en Tui, Queimadelos e Vilasobroso en Mondaríz e Berán en Leiro. Como sinalou X. Fariña Jamardo, nos primeiros decenios deste século chegaron a funcionar outras entidades deste tipo en Vilaronte (Foz), Magazos (Viveiro), Cabreiros (Xermade), San Martiño de Dómea (Verea) e Cristade e Ribadetea (Ponteareas), que finalmente acabarían desaparecendo por razóns diversas, entre as que sobresaen as derivadas do estoupido da Guerra Civil<sup>60</sup>. Por último, tamén sucedeu que algunhas entidades menores deixaron de posuír este carácter ó constituirse nos territorios de referencia de novos municipios creados no que vai de centuria, como é o caso de Negueira de Muñiz, Rábade, Ribeira de Piquín, Pontecesures e Mondaríz-Balneiro<sup>61</sup>. En resumidas contas, ó longo de toda Galicia o forte protagonismo da vida parroquial non se traduciu historicamente nun proceso de creación masiva de entidades de ámbito inferior ó municipal. As escasas atribucións que a lei concede a estas unidades administrativas, a desinformación e os problemas que se asocian a súa posta en funcionamento, restrinxiron a súa aparición a escasísimos territorios normalmente asociados á existencia dun patrimonio forestal en man común de certa importancia.

<sup>57</sup> Revista BANDO, núm. 20: *El primer escalón... op. cit.*


<sup>58</sup> Revista BANDO, núm. 20: *El primer escalón... op. cit.*

<sup>59</sup> Revista BANDO, núm. 20: *El primer escalón... op. cit.*

<sup>60</sup> FARIÑA JAMARDO; X.: *Os concellos... op. cit.* Páx. 351.

<sup>61</sup> FARIÑA JAMARDO; X.: *Os concellos... op. cit.* Páx. 351.

Figura 5



Ata o momento, no presente estudio sobre territorio e relixión, preocupámonos case exclusivamente por coñecer o protagonismo, recente declive e exemplos puntuais de revitalización das parroquias, entendidas como unidades básicas na organización do espazo rural. Sen embargo, o proceso de urbanización que tivo lugar en Galicia durante os últimos decenios, trae como resultado que unha porción cada vez máis importante da poboación católica do país resida en cidades. Polo tanto, as sete urbes principais da Comunidade Autónoma convértese no escenario dos principais cambios que se rexistraron ó longo deste século no mapa de parroquias eclesiásticas que, como puidemos comprobar, se caracterizaba por unha serie de tímidas modificacións nun mundo rural inmerso nunha dinámica de despoboación e avellentamento demográfico, na que se enmarca a progresiva diminución do número de curas e a elevación xeral dos seus promedios de idade. As cidades galegas experimentaron un crecemento edificativo, unha diversificación funcional e un aumento no seu número de habitantes sen precedentes. En consecuencia, a igrexa católica preocupada por desenvolver unha organización territorial acorde coas novas necesidades pastorais, emprendeu un proceso de creación e subdivisión das parroquias urbanas que se axusta ós ritmos de expansión recente das cidades. En moitas ocasións sinalouse que a creación de emprego, o auxe constructivo e o crecemento demográfico son variables que aparecen interrelacionadas para explicar o desenvolvemento cidadán, polo que se refire á nosa análise tamén cabe afirmar que a creación de novas parroquias nos sectores urbanos de recente consolidación é outro indicador da mesma dinámica evolutiva, como teremos oportunidade de comprobar a partir do estudio dun caso concreto.

Como evidenciaron diversos autores<sup>62</sup>, a cidade da Coruña constituíu un dos mellores exemplos de desenvolvemento histórico do mundo urbano en Galicia, ata o punto de que na actualidade debe ser considerada como un dos grandes centros rectores do país e núcleo central de referencia dun amplo espazo urbanizado que se estende nos entornos do Golfo Artabro<sup>63</sup>. Esta cidade, de orixe medieval, presentábasenos como a principal poboación galega a comezos do século XIX, ó beneficiarse dunha importante función portuaria que favorecía a súa puxanza fabril e comercial. O mesmo tempo, o seu carácter de principal centro administrativo e militar do país, permitíalle aparecer como o modelo máis perfecto de núcleo urbano nun territorio abrumadoramente rural. Desde o punto de vista morfolóxico, A Coruña definíase como un espazo amurallado no que se podían individualizar perfectamente dous sectores de características

---

<sup>62</sup> GONZALEZ-CEBRIAN TELLO, J.: *La ciudad a través de su plano*. A Coruña, 1984. PRECEDO LEDO, A.: *La Coruña. Metrópoli regional*. A Coruña, 1990. SOUTO GONZALEZ, X.M.: *Xeografía... op. cit.*

<sup>63</sup> SOUTO GONZALEZ, X.M.: *Xeografía... op. cit.*

contrastadas: «a cidade», localizada no sur da península onde se fundou a poboación, era un espazo que se presentaba rodeado por un segundo cinturón de murallas, xa que constituía o auténtico centro militar e administrativo da urbe, lugar de residencia das clases máis pudentes; e a «pescadería», extendida polo istmo delimitado polo porto e a Enseada do Orzán, que se desenvolvera como un barrio estreitamente vinculado ás actividades mariñeiras e sector ocupado polos comerciantes e as xentes de inferior posición social. Nestes momentos, cando a cidade aínda non emprendera as reformas urbanísticas que provocarían unha remodelación total do espazo edificado, a división relixiosa existente reflexaba unha enorme simplicidade e lóxica: na «cidade» diferenciábanse as parroquias de Santa María e Santiago, en tanto que na «pescadería» funcionaban as de San Xorxe e San Nicolás<sup>64</sup>.

A segunda metade do século XIX e os primeiros decenios do XX, constitúen un período fortemente expansivo para a cidade, escenario de diversos procesos de remodelación urbanística que están na orixe da súa actual configuración. En xeral, considérase que esta época supuxo a consolidación da burguesía local como grupo social hexemónico que organizará o crecemento do espazo edificado segundo os seus criterios e intereses. O auxe da actividade portuaria, unido á conformación de importantes grupos financeiros e empresariais, xustifica a perda de protagonismo das élites militares e rendistas que monopolizaran o poder ó longo do Antigo Réxime<sup>65</sup>. En consecuencia, acométese o derribo das murallas que aillaban á cidade do exterior e dividíana internamente en dous sectores de rasgos contrastados. O centro urbano trasládase ó sector da «pescadería» que se remodelará parcialmente coa formulación dun proxecto de ensanche, área de expansión edificativa que se planifica para satisfacer as demandas de vivenda dos comerciantes, profesionais e empresarios que detentan o poder da urbe. O mesmo tempo, as posibilidades de emprego que xerara o desenvolvemento económico alimentan un importante fluxo inmigratorio que se traducirá na proliferación de diversos barrios periféricos, algúns deles localizados fora dos límites administrativos da cidade. No 1912 prodúcese a absorción do concello de Oza polo da Coruña, resultado lóxico dunha dinámica de crecemento urbano que se xeneralizara seguindo o trazado dos principais eixos de comunicación. Con esta decisión, o territorio da Coruña acada os 36,2 km<sup>2</sup> que posúe na actualidade.

---

<sup>64</sup> As informacións utilizadas para analizar os cambios no número e demarcación das parroquias da Coruña, proveñen dun estudo inédito realizado por X.X. CEBRIAN FRANCO, que leva por título: *Ciudad de la Coruña. Estudio de división parroquial*. Santiago, 1994. A delimitación cartográfica das parroquias é obra de M<sup>o</sup>J. PIÑEIRA MANTIÑAN, que nestes momentos está realizando un amplo traballo de investigación sobre a estrutura urbana de A Coruña.

<sup>65</sup> BARREIRO FERNANDEZ, X.R.: *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña, 1986.

As consecuencias destas transformacións no mapa eclesiástico urbano non se fixeron agardar. Por unha parte, as parroquias de S. Nicolás e S. Xorxe (localizadas na «pescadería») convértense nas máis poboadas e ricas da cidade, en detrimento de Santiago e Santa María emprazadas nunha «cidade» que mostra síntomas de declive. Por outra parte, a anexión de Oza suporá a incorporación de catro novas parroquias, as de Santa María de Oza, San Cristobo das Viñas, San Pedro de Visma e San Vicente de Elviña. Por último, en antigos terreos deste municipio colindantes coa «pescadería» o Arreglo Parroquial de 1867 determina a creación da parroquia de Santa Lucía, cun territorio que se extendía por un dos sectores parcialmente incluídos no proxecto de ensanche da poboación. Aínda que a fundación efectiva desta parroquia se retrasará ata 1890 e non se disporá dunha nova igrexa completamente construída ata 1913<sup>66</sup>, desde un comenzo esta freguesía caracterizarase por atender a unha poboación en constante crecemento que se asenta nunha das áreas de maior dinamismo da cidade.

Foi preciso que pasasen bastantes anos para que se rexistrase a creación de dúas novas parroquias no espacio urbano considerado. Trátase da de San Pedro de Mezonzo xurdida en 1930 e a de Santo Tomás fundada en 1941. En ambos casos, o arcebispado de Santiago tratou de atender as necesidades dos sectores da periferia cidadán que máis estaban medrando. De feito, a parroquia de San Pedro de Mezonzo extenderase por parte do antigo territorio asignado a Santa Lucía que, como vimos de comentar, convertírase nun dos espazos claves da expansión da Coruña ó longo destes decenios. Polo que se refire a Santo Tomás, a súa creación responde á necesidade de atender pastoralmente ós habitantes dun barrio habitado por persoas de recursos modestos (Atocha-Montealto), que medrara sen a penas control ó norte da «cidade» e en dirección á Torre de Hércules.

Como estamos comprobando, a expansión urbana da Coruña e a fundación de novas freguesías nos sectores que se estaban sobredensificando, son dous procesos que discurren paralelos. Esta afirmación pode ser corroborada fácilmente se pasamos a analizar a dinámica seguida polo mapa eclesiástico da cidade a partir de mediados de século, un período de algo máis de corenta anos no cal se produciu o maior crecemento poboacional e edificativo da cidade, que se traduce na multiplicación do número de parroquias existentes. Sen lugar a dúbidas, un momento clave para o desenvolvemento futuro do núcleo coruñés foi o ano 1948, data na que se aproba un plan de ordenación urbana que, inspirado nun proxecto anterior do arquitecto César Cort, definirá os rasgos esenciais do crecemento edificativo das décadas dos 1950, 1960 e 1970. A

<sup>66</sup> CEBRIAN FRANCO, X.X.: *Ciudad de... op. cit.*

importancia deste plan reside en que serviu para determinar os espazos do término municipal nos que se localizarían as principais áreas de residencia para a poboación que se instalaba na urbe. Será precisamente nestes sectores cidadáns en proceso de consolidación onde teñan lugar a maior parte das fundacións de novas parroquias, a partir das decisións arcebispais de 1954, 1966 e 1976.

O principal obxectivo do Plan de 1948 era crear un sistema rápido de comunicacións viarias que fixese posible superar os tradicionais problemas de acceso á cidade provocados polo seu peculiar emprazamento nunha península. Definíronse grandes vías rápidas de chegada ó centro urbano (Av. de Lavedra, Av. da Pasaxe, Av. de Fisterra), así como unha serie de rondas que delimitaban o perímetro urbano e servirían para encauzar o crecemento constructivo dos decenios seguintes (Estrada de Circunvalación, Ronda de Nelle, Ronda de Outeiro)<sup>67</sup>. Tomando como referencia estes eixos de comunicación determínanse os sectores destinados a uso residencial, que no período 1950-80 rexistrarían un proceso de edificación masiva que deu lugar ó xurdimento e consolidación dos máis importantes barrios pericentrais da cidade. Nas inmediacións da principal entrada á Coruña, Av. de Lavedra ou Av. de Alfonso Molina, xurden o Polígono de Elviña e a área de Monelos, onde se combinou a construción de vivendas de promoción oficial con outras realizadas por promotores privados. Entre as Rondas de Nelle e Outeiro, materializárase o maior proceso de sobredensificación de toda a urbe, coa aparición dos populosos sectores dos Mallos, a Agra do Orzán, a Sagrada Familia e, máis recentemente, o Polígono do Ventorrillo. Outro espazo que se remodelaría por completo é o comprendido entre a Av. de Alfonso Molina e a Av. da Pasaxe, no que se diferencian os barrios dos Castros e o Castrillón-Monte das Moas. Por último, A Coruña tamén medrou cara o Oeste, a partir de Riazor e a cidade escolar, no sector de Labañou e cara o norte da península, mediante a urbanización de novos terreos no barrio de Montealto.

Sen lugar a dúbidas, ó longo deste período modifícase por completo a fisonomía da cidade. Neste contexto, o arcebispado de Santiago viuse obrigado a desenvolver unha política que implica continuos cambios no mapa eclesiástico da urbe, proceso que como xa adiantamos iniciouse no 1954. Nesta data, o Cardeal Quiroga Palacios decide a creación de catro novas freguesías, as de San Xosé, Santa Margarita, San Rosendo e Nosa Señora do Carme<sup>68</sup>. A parroquia de San Xosé atribúenselle parte dos territorios correspondentes á de Santo Tomás no barrio de Atochas-Montealto. Deste xeito, esta populosa área extendida ó norte da península coruñesa subdivídese en dúas freguesías de tamaño similar delimitadas pola rúa da Torre. Santa Margarita tamén se estende por un sector

<sup>67</sup> GONZALEZ-CERIAN TELLO, J.: *La ciudad... op. cit.*

<sup>68</sup> CEBRIAN FRANCO, X.X.: *Ciudad de... op. cit.*

de gran dinamismo demográfico, articulado a partir da Av. de Fisterra. A fundación de San Rosendo é a primeira dunha serie de creacións parroquiais que terán lugar no espacio comprendido entre a Ronda de Nelle e a de Outeiro. Por último, Nosa Señora do Carme instituíuse para atender as necesidades pastorais da poboación dos Castros-O Castrillón, nas proximidades da Av. da Pasaxe.

Nos períodos intercensais de 1950-60 e 1960-70, a poboación da urbe medrou a un ritmo aproximado do 15-20%. Tendo en conta este incremento no número de habitantes, non é de extrañar que a creación de catro novas parroquias en 1954 resultase unha medida insuficiente. Polo tanto, no 1966 o arcebispado de Santiago volve tomar a decisión de fundar outras tantas freguesías, unha vez máis localizadas nos sectores urbanos que protagonizaban unha maior expansión. Entre San Pedro de Mezonzo e Nosa Señora do Carme, territorios eclesiásticos que a penas contaban con vinticinco e doce anos de antigüidade respectivamente, fúndase a igrexa de Nosa Señora de Fátima, encargada de atender á poboación de dous grandes eixes de crecemento edificativo da urbe: a rúa General Sanjurjo e a Avenida do Exército<sup>69</sup>. Así mesmo, intervense nos barrios máis dinámicos do oeste da poboación (entre Riazor e Labañou), ó fundarse as parroquias de San Pío X e San Roque. Finalmente, o sobredensificado sector da Agra do Orzán (entre as Rondas de Nelle e Outeiro) poderá contar coa freguesía de San Antonio.


Aínda que o ritmo de crecemento da Coruña foi diminuindo progresivamente nos anos 1970 e 1980, no 1976 tivo lugar a creación do maior número de parroquias urbanas a partir dunha única decisión. Concretamente, son fundadas catorce novas freguesías como resultado da aplicación dun criterio adoptado pola xerarquía católica nestes momentos, segundo o cal as igrexas parroquiais debían atender a un número aproximado de 5.000 fieis<sup>70</sup>. Como se pode supoñer, este feito provocou unha completa reestructuración do mapa eclesiástico da cidade e traduciuse nunha maior intervención pastoral naqueles sectores periféricos da Coruña que rexistraban un superior auxe constructivo ou en barrios xa consolidados nos que estaban tendo lugar importantes operacións de remodelación urbanística (o derribo de antigos edificios e a súa substitución por bloques de maior altura ou novos polígonos residenciais é unha constante na historia recente desta cidade). A fundación dun número tan elevado de parroquias plantexou unha serie de problemas de execución, que serían solucionados parcialmente dotando a diversas casas relixiosas con certa tradición no núcleo (e que aceptasen a proposta) dun territorio parroquial. Con este sistema instituíronse as freguesías de María Auxiliadora, San Francisco de Asís, Divina Pastora, Santa Teresa de Jesús e Santa Gema<sup>71</sup>. Ademais destes cinco

<sup>69</sup> CEBRIAN FRANCO, X.X.: *Ciudad de...* *op. cit.*

<sup>70</sup> CEBRIAN FRANCO, X.X.: *Ciudad de...* *op. cit.*

<sup>71</sup> CEBRIAN FRANCO, X.X.: *Ciudad de...* *op. cit.*

Figura 6



exemplos, xurden outras nove parroquias a partir da subdivisión de outras xa existentes. Trátase das de San Benito, San Luis Gonzaga, San Francisco Xavier, San Xoán Bautista, Nosa Señora do Socorro, A Resurrección do Señor, San Miguel Arcánxo, O Nadal do Señor e San Pablo.

En liñas xerais, a maioría destes territorios eclesiásticos definidos en 1976, localízanse ó longo da periferia coruñesa e en certos casos (como O Nadal ou Santa Gema) os seus límites tenden a coincidir cos do término municipal de referencia. Algúns dos sectores urbanos sobre os que incide esta nova remodelación parroquial son o Polígono de Elviña 2ª Fase, A Sardiñeira, o Polígono do Ventorrillo, a Agra do Orzán e Labañou, precisamente as áreas que estaban registrando os maiores niveis de crecemento de toda a cidade. Nalgunhas ocasións, a situación das freguesías creadas é máis céntrica, cando se trata daquelas igrexas pertencentes a unha orde relixiosa: María Auxiliadora en Zalaeta, San Francisco de Asís en Riazor-Cidade Xardín ou a Divina Pastora en antigos terreos do ensanche. Coa decisión de 1976 quedou practicamente pechado o mapa eclesiástico da cidade, se ben no 1986 fundáronse tres novas parroquias (Santos Anxos, a Milagrosa e Nosa Señora do Pilar), que responden máis a unha serie de reaxustes derivados dos procesos de creación masiva de novas freguesías no período 1950-80, que ó intento de adaptación a unha dinámica de expansión urbana moi ralentizada nos últimos tempos.

A análise das tendencias demográficas e edificativas que rexistra A Coruña na actualidade, permite afirmar que o crecemento da cidade non será demasiado importante nun futuro próximo. Polo tanto, é previsible que o mapa eclesiástico deseñado durante os últimos cen anos mediante unha serie de decisións arcebispaís encadeadas, non sufra alteracións significativas. Sen embargo, o estudo da división parroquial resultante deste proceso merece ser comentada brevemente. De feito, a igrexa católica actuou sobre o territorio dunha urbe en forte expansión dun xeito similar a como o fan as diferentes administracións públicas ou, mesmo, certas organizacións da sociedade civil. Na Coruña a división en freguesías implica unha lectura da cidade semellante, aínda que non coincidente, coa desenvolvida polas autoridades municipais cando formulan unha delimitación dos distritos e seccións urbanas, coa dos responsables educativos que levaron a cabo unha zonificación escolar ou cos grupos de cidadáns que impulsan a creación de múltiples Asociacións de Veciños a partir das imaxes de barrio que consideran máis adecuadas. En consecuencia, a cidade estrutúrase en múltiples territorios con límites diferenciados e nesta realidade a actuación da igrexa creando e/ou subdividindo parroquias non pode ser pasada por alto nas análises urbanas.

## CONCLUSIÓN

O estudio das implicacións espaciais e territoriais da organización da igrexa católica en Galicia, preséntase como un ámbito novedoso dentro das investigacións sobre Xeografía social e Xeografía histórica que se poden desenvolver no noso país. É comunmente admitido que a división do territorio en parroquias, e mesmo arciprestados, condicionou en boa medida a organización do espacio galego desde os tempos medievais. O establecemento destas unidades elementais da administración eclesiástica trouxo consigo, a través dun longo proceso, a conformación dos territorios e das comunidades que mellor definiron as relacións dunhas sociedades campesiñas tradicionais cos terreos agrícolas ou de monte que trataban de rentabilizar. As parroquias actuaron, e en certa medida continúan facéndoo, como auténticas unidades básicas do poboamento rural e células de relación social. A súa importancia superou historicamente á dos municipios nos que se integran, xa que estes territorios de límites moito máis artificiais instauráronse sen ter en conta a lóxica da organización do espacio nas catro provincias.

Os recentes cambios socioeconómicos que se rexistraron desde os anos 1960, traen consigo un evidente declive nas manifestacións da vida parroquial. Se a importancia das freguesías rurais se asociaba á pervivencia dunhas sociedades campesiñas tradicionais fortemente arraigadas, a crise de éstas por efecto das transformacións productivas, a emigración, o retroceso demográfico e o avellentamento xeral da poboación, traducíuse nunha crise da parroquia. Sen embargo, este proceso non presenta uns rasgos homoxéneos, nen a nivel espacial nen desde o punto de vista das consecuencias que leva aparelladas. En liñas xerais, pódese sinalar que as parroquias viron devaluado en maior medida o seu protagonismo naquelas áreas máis urbanizadas e diversificadas economicamente da Galicia occidental, en tanto que o seu grao de cohesión mantívose máis satisfactoriamente nos sectores do interior. Así mesmo, estas unidades de orixe eclesiástica perden a súa significación no plano económico, ó pasarse dun modelo de economía campesiña baseada na explotación de todo o territorio a unha agricultura de mercado que implica unha utilización moi selectiva e restrinxida do espacio, co conseguinte abandono de boa parte do monte comunal. No plano estritamente relixioso, tamén é posible referirse á perda de funcionalidade das parroquias, moitas das cales deixan de ser administradas por un cura residente debido tanto á redución do número de vocacións sacerdotais como á intensa dinámica de despoboación do mundo rural.

Aínda que é innegable certa decadencia do parroquial, puídemos analizar unha serie de indicadores que contradín esta dinámica. De feito, a parroquia mantén a súa significación na imaxe subxetiva do espacio que posúen os

habitantes das áreas extraurbanas. Segue sendo o lugar onde residen os veciños, o territorio ó que se pertence e o ámbito relevante para a realización de toda unha serie de festas e celebracións. Do mesmo xeito, algunhas intervencións que implican a reordenación productiva do territorio (concentración parcelaria, transformación do monte baixo en pastizais, establecemento de concesións mineiras) provocaron a revalorización da parroquia como unidade a través da cal se xestionan estes procesos. Por último, cabe sinalar que a importancia das parroquias só se traduciu excepcionalmente no plano político-administrativo. A democratización dos poderes locais trae consigo un reforzamento da cohesión municipal en detrimento dos territorios de ámbito inferior, que segundo a lei a penas poden constituirse como entidades autónomas con moi escasas competencias. En síntese, a igrexa católica xogou un papel de enorme transcendencia histórica na estruturación do territorio galego e mesmo nos últimos decenios, cando o proceso de secularización avanzou de forma notable, constátase un interés permanente das autoridades eclesiásticas por dotarse dunha organización parroquial eficiente adaptada ós cambios que tiveron lugar como consecuencia da urbanización.